



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O
DÍA 04 DE XANEIRO DO 2019.-**

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. D. Manuel Bello Bouza. Dna. Cristina Cadena Freire Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as nove horas e cincuenta e un minutos do día catro de xaneiro do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO ORZAMENTO 2019

Dáse do informe de Secretaría-Intervención de estabilidade orzamentaria e informe económico-financeiro do orzamento 2019, data 26 decembro do 2018, que a continuación se transcriben:

**INFORME DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN DE ESTABILIDADE
ORZAMENTARIA PARA O ORZAMENTO 2019**

Lexislación aplicable:

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

Primeiro.- Aplicación da estabilidade orzamentaria ás entidades locais.

Conforme sinala a Lei Orgánica 2/2012 reguladora e o regulamento de estabilidade orzamentaria:

Artículo 3. Principio de estabilidade presupuestaria.

1. La elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito de aplicación de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, coherente con la normativa europea.


2. Se entenderá por estabilidad presupuestaria de las Administraciones Públicas la situación de equilibrio o superávit estructural.

É polo tanto de aplicación o principio de estabilidade orzamentaria na elaboración, aprobación e liquidación dos orzamentos do Concello, polo que estando xa en vigor a citada norma, debe seguirse a regulación sinalada nas citadas normas para a elaboración do orzamento para o exercicio 2019.

Segundo.- Cuantificación da estabilidade orzamentaria no orzamento 2019.

En canto ao orzamento do 2019, presenta no presente exercicio, con relación ao aprobado inicialmente polo Pleno para o exercicio 2018, as seguintes variacións :

	Orzamento 2018	Orzamento 2019	Diferenza
Capítulos 1 a 7 ingresos	5.998.612, 0	6.419.509, 0	420.896,9 8
Capítulos 1 a 7 de gastos	5.373.600, 0	5.969.914, 6	596.314,6 2



Diferenza (Estabilidade Orzamentaria)	625.012	449.594,36	-175.417,64
---------------------------------------	----------------	-------------------	--------------------

Non proceden os axustes que se sinalan na liquidación do orzamento considerando que estes axustes xurden exclusivamente do resultado da liquidación do orzamento, polo que inicialmente o orzamento presenta estabilidade orzamentaria.

CONCLUSIÓN

Cómprese polo tanto o principio de estabilidade orzamentaria, á marxe dos axustes que procedan da liquidación dos orzamentos conforme a normativa SEC -95 e a aprobación do presente orzamento leva implícita a modificación do teito de gasto para 2019.

Ares, a 26 de decembro do 2018.

O Secretario.-Interventor

INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO

ORZAMENTO 2019

D. Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario-Interventor do Concello de Ares (A Coruña),

En virtude do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e no artigo

18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, en Materia Orzamentaria, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. A lexislación aplicable é a seguinte:

Os artigos 162 ao 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo segundo redacción dada poia polo Real Decreto-Lei 17/2014, do 26 de decembro

Os artigos 22.2 e) e o artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.



Os artigos do 2 ao 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estructura dos Orzamentos das Entidades Locais.

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Os artigos 3 e 19 do Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se Aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

Os artigos 4.1, 15 e 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se Aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.

O artigo 4.1 h) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.

As Regras 107 e seguintes da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pala que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

A Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pala que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pala que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

SEGUNDO. O Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2019 formado polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello, está integrado polo Orzamento único da Entidade Local.

TERCEIRO. Ascende o Orzamento do exercicio 2019 á cantidade de 6.523.914,66 euros no Estado de Gastos e de 6.523.914,66 euros no Estado de Ingresos, non presentando en consecuencia déficit inicial.

CUARTO. De conformidade ca disposto no artigo 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo



2/2004, de 5 de marzo -TRLRFL-, o Orzamento Xeral da Entidade Local constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das abrigas que, como máximo, poden recoñecer a Entidade, e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade Local correspondente.

Engade o artigo 163 que o exercicio orzamentario coincidirá ca ano natural e a él imputaranse os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven, e as abrigas recoñecidas durante o exercicio.

QUINTO.- O Orzamento Xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade, nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

SEXTO.- O artigo 164 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo -TRLRFL-, determina que o Orzamento Xeral está integrado polo Orzamento da propia Entidade, os dos seus Organismos Autónomos e os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade Local. De conformidade ca previsto no artigo 166 ao Orzamento Xeral uniranse como anexos:

Os plans e programas de investimento e financiamento que, para un prazo de catro anos, poderán formular os municipios e demais entidades locais de ámbito supramunicipal.

Os programas anuais de actuación, investimentos e financiamento das sociedades mercantís de cuxo capital social sexa titular único ou partícipe maioritario a Entidade Local.

O estado de consolidación do Orzamento da propia Entidade co de todos os Orzamentos e estados de previsión dos seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís.

O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercizo.



O plan de investimentos que deberá coordinarse, no seu caso, co programa de actuación e plans de etapas de plan urbanístico, completárase co programa financeiro, que conterá:

O investimento previsto a realizar en cada un do catro exercicios.

Os ingresos por subvencións, contribucións especiais, cargas de urbanización, recursos patrimoniais e outros ingresos de capital que se prevexan obter nos devanditos exercicios, así como unha proxección do resto dos ingresos previstos no citado período.

As operacións de crédito que resulten necesarias para completar o financiamento, con indicación dos custos que vaian xerar.

Dos plans e programas de investimento e financiamento darase conta, no seu caso, ao Pleno da Corporación coincidindo coa aprobación do orzamento, debendo ser obxecto de revisión anual, engadindo un novo exercicio ás súas previsións.

SÉTIMO.- O artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais prevé que cada un dos Orzamentos que integran o Orzamento Xeral conterá:

Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.

Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

As Bases de Execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia Entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o Orzamento.

OITAVO.- O contido das Bases de Execución do Orzamento regúlase no artigo 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, establecendo que estas poderán remitirse aos Regulamentos ou normas de carácter xeral ditadas polo Pleno, e que conterán, entre outras materias:



Os niveis de vinculación xurfdica dos créditos.

A relación expresa e taxativa dos créditos que se declaren ampliábeis, con detalle dos recursos afectados.

A regulación das transferencias de créditos, establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas.

A tramitación dos expedientes de ampliación e xeración de créditos, así como de incorporación de remanentes de créditos.

As normas que regulen o procedemento de execución do Orzamento.

As desconcentracións ou delegacións en materia de autorización e disposición de gastos, así como de recoñecemento e liquidación de obrigas.

Os documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obriga.

A forma en que os perceptores de subvencións deban acreditar o atoparse ao corrente das súas abrigas fiscais coa Entidade Local e xustificar a aplicación de fondos recibidos.

Os supostos nos que poidan acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos nun só acto administrativo.

As normas que regulen a expedición de ardes de pago a xustificar e anticipos de Caixa fixa.

A regulación dos compromisos de gastos plurianuais.

NOVENO.- Os estados de ingresos dos Orzamentos confeccionaranse conforme ao regulado nos apartados 1 e 2 do artigo 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo ue modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pala que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

DÉCIMO.- Do mesmo xeito, os estados de gastos ateranse ao disposto no citado artigo 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, que modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro pala que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.



UNDÉCIMO.- Os artigos 168 e 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais regulan o procedemento de aprobación dos Orzamentos, establecendo que:

12.- O Orzamento da Entidade Local será formado pola Alcaldía e a el haberá de unirse a seguinte documentación:

Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación ca vixente.

Liquidación do Orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, ao seis primeiros meses do exercicio corrente.

Anexo de persoal da Entidade Local.

Anexo dos investimentos a realizar no exercicio. De conformidade co previsto no artigo 19 do Real Decreto 500/1990 recollerá a totalidade dos proxectos de investimento que se prevexan realizar no exercicio e deberá especificar para cada un dos proxectos: código de identificación, denominación de proxecto, ano de inicio e ano de finalización previstos, importe da anualidade, tipo de financiamento determinando se se financia con recursos xerais ou con ingresos afectados, vinculación dos créditos asignados, e órgano encargado da súa xestión.

Un informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das abrigas exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.

Un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus Organismos e Entidades dependentes. O informe emitirase con carácter independente ao previsto no apartado anterior, en virtude do previsto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

2º.- Sobre a base dos Orzamentos do Concello e dos Organismos Autónomos e dos estados de previsión das Sociedades Mercantís, a Alcaldía formará o Orzamento Xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria detallados nos artigos 166.1 e 168 do Real



Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao Pleno antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución. O acordo de aprobación, que será único, haberá de detallar os Orzamentos que integran o Orzamento Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.

A competencia plenaria para a aprobación do Orzamento fundaméntase ademais no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, con concordancia ca artigo 64.2.F) da Lei 5/1997, do 22 de xullo. de Administración Local de Galicia, e o artigo 2.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

3º.- Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas

A estes efectos teñen a condición de interesados os habitantes do termo municipal, e quen resulten directamente afectados, aínda que non habiten nese territorio; ademais os Colexios Oficiais, Cámaras Oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

Poderán presentar reclamacións contra o Orzamento, unicamente: por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRFL, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de abrigas exixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, ou por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

4º.- A aprobación definitiva do Orzamento Xeral haberá de realizarse, polo Pleno antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse.

5º.- O resumo por capítulos do Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será publicado no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se inserirá o Orzamento no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese.



6º.- Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

7º.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no apartado 5º anterior.

8º.- Se ao iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, e 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e até a entrada en vigor do novo Orzamento. A prórroga non afectará os créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.

DUODÉCIMO.- Copia do Orzamento e das súas modificacións deberá acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio (art. 169.7 TRLRFL).

DECIMO TERCEIRO.- Con carácter previo a calquera acordo plenario, o expediente deberá someterse a estudo pala Comisión Informativa de Facenda, por así esixilo, entre outros, os arts. 20.1-c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 82, entre outros, do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DÉCIMO CUARTO.- Contra a aprobación definitiva do Orzamento só poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade ca establecido nos artigos 48 e 107.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; e iso sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno (art. 171.1 TRLRFL).

A interposición do recurso non suspenderá, por si soa, a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado (art. 171.3 TRLRFL).



A aprobación definitiva debería haberse efectuado antes do 31 de decembro de 2015 tal e como indica o artigo 169.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como o artigo

20.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril

DÉCIMO QUINTO. De acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, “Si la Ley de Presupuestos no se aprobase antes del primero día del ejercicio económico correspondiente, se consideraran automáticamente prorrogados los Presupuestos del ejercicio anterior hasta la aprobación de los nuevos”.

Pala súa banda, o artigo 38 da 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria establece nos seus apartados 2 e 3 que “2. La prórroga no afectará a los créditos para gastos correspondientes a programas o actuaciones que terminen en el ejercicio cuyos presupuestos se prorrogan o para obligaciones que se extingan en el mismo. 3. La estructura orgánica del presupuesto prorrogado se adaptará, sin alteración de la cuantía total, a la organización administrativa en vigor en el ejercicio en que el presupuesto deba ejecutarse.”

En consecuencia, e ao haberse producido as circunstancias previstas na Constitución Española, os Orzamentos Xerais do Estado de 2018 aprobados pala Leí 6/2018 de 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 considéranse prorrogados unha vez realizadas as actuacións previstas no artigo 38 da Lei Xeral orzamentaria anteriormente citado.

Tal e como marca o artigo 169.2 do Texto Refundido da Leí Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a aprobación definitiva por parte do Pleno dos Orzamentos Municipais debe realizarse antes do 31 de decembro do ano anterior ao exercicio en que deba aplicarse. É por iso, que á vista do calendario orzamentario que marca a Leí, os Municipios deben proceder a aprobar os seus orzamentos nestes días, para a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2019.

Do mesmo xeito que ocorreu o ano pasado, as circunstancias políticas vividas este final de ano, impediron ao Goberno que se tramitarán a tempo os orzamentos xerais do estado para 2019.

É por iso, que si debían remitirse a Bruxelas os borradores orzamentarios antes do 15 de outubro para que a comisión europea revisáseos, o Goberno xa anunciou remitía un proxecto de PXE sen cambios nas políticas económicas,



demorando o debate real sobre os mesmos ata final de ano. Perante esta situación, augúrase o inicio do exercicio 2019 coas contas prorrogadas de 2018.

Aínda que, o atraso da aprobación dos orzamentos xerais do Estado de 2019, non debe afectar á tramitación que debe levar a cabo por parte dos Municipios no que se corresponde coas súas contas locais, xa que por imperativo legal obrígase a que os mesmos procedan á súa aprobación definitiva antes do 31 de decembro, artigo 169.2 do TRLRHL para a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2019.

Polo que os Concellos deben comezar a elaborar o orzamento municipal de 2019, considerando necesario repasar as posibles incidencias que afectan ao mesmo á vista de que non se producen cambios políticos que afectan aos mesmos;

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E A REGRA DE GASTO

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 7 de xullo de 2018 acordou fixar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas para o tres exercicios seguintes, 2018 a 2020, nos seguintes termos:


OBXETIVOS DE DÉFICIT			
	2018	2019	2020
Obxectivo de estabilidade	0	0	0
Límite de Débeda (Débeda PDE)	2,7	2,6	2,5
Regra de gasto	2,4	2,7	2,8

Considerándose que ao actualizarse ditos datos anualmente e a través da LPXE non se regulán os mesmos, estes consideraránse definitivos.

GASTOS DE PERSOAL

A expensas da leí de Orzamentos Xeraos do Estado para 2019, no BOE do pasado

26 de marzo de 2018 publicouse a Resolución de 22 de Mar de 2018 (11 Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo), a través do seu Ministro de Facenda e Función Pública, e as organizacións sindicais CCOO, UXT, e CSIF han fixado un incremento salarial fixo,



máis unha porcentaxe adicional de incremento ligado ao crecemento da economía, calculado en función do crecemento de PIB real, que recollerán os proxectos de Leis de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, 2019 e 2020.

As retribucións ligadas aos obxectivos de PIB, abonaranse con efectos do 1 de xullo de cada exercicio.

Ano 2018

O incremento en 2018 será dun 1,75 % (1,50 % fixo 0,25 % variable ligado ao cumprimento do obxectivo de crecemento do PIB, en 2017, establecido nun 3,1 %)

Prevese así mesmo que cada Administración poida destinar un 0,20% adicional da súa masa salarial en fondos adicionais.

Ano 2019

O incremento fixo será dun 2,25 %

O incremento variable establécese:

Para un crecemento do PIB igual ou superior ao 2,5 %, será dun 0,25 % adicional, o que supón un 2,50 % de incremento total.

Para un crecemento inferior ao crecemento do PIB do 2,5 %, o incremento diminuirá proporcionalmente en función da redución do crecemento que se produciu sobre este 2,5 %.

De acordo con o previsto no apartado relativo a Fondos adicionais, prevese así mesmo que cada Administración poida destinar un 0,25 % da súa masa salarial para fondos adicionais.

Ano 2020

O incremento fixo será dun 2 %.

O incremento variable será:

Para un crecemento, igual ou superior ao 2,5 % será un 1 % adicional, o que supón un 3 % de incremento total.

Para un crecemento inferior ao crecemento do PIB do 2,5 %, o incremento diminuirá proporcionalmente en función da redución do crecemento que se produciu sobre este 2,5 %.



Así mesmo no ano 2020 prevese a posibilidade dunha subida adicional si cúmprense os obxectivos en materia de estabilidade orzamentaria (déficit público) establecidos para o Reino de España.

Xunto a outros aspectos da norma destacan: Medidas en materia de incapacidade temporal.

Cada Administración Pública poderá determinar, previa negociación colectiva, as retribucións que vaia a percibir o seu persoal en situación de incapacidade temporal, mediante o establecemento dun complemento retributivo que, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social ou dos seus réximes especiais de funcionarios públicos, civís e militares, alcance ata un máximo do cento por cento das súas retribucións fixas previas ao comezo da incapacidade temporal. A articulación desta medida poderá, no seu caso, establecer diferentes escenarios retributivos en función do tipo de continxencia que dea lugar á incapacidade temporal ou da duración da mesma correspondente parte de baixa ou documentación sustitutoria desde o primeiro día de ausencia.

Acórdase así mesmo establecer a obriga por parte de cada Administración Pública de deseñar un plan de control do absentismo, que deberá ser obxecto de difusión pública, a través do respectivo Portal de Transparencia. No este portal deberán igualmente ser obxecto de publicación os datos de absentismo, clasificados pola súa causa, cunha periodicidade polo menos semestral.

Outras medidas en materia de condicións de traballo dos empregados e empregadas públicos e de seguimento dos acordos.

Impulsar a aprobación de plans de igualdade e o estudo de medidas de conciliación e de corresponsabilidade.

Constitución dunha Comisión de Seguimento e Control de Absentismo, cuxo obxecto será a análise e a adopción de medidas que permitan reducir este absentismo e propor criterios homoxéneos nas diferentes Administracións Públicas para a aplicación da normativa nesta materia, garántase en todo caso a igualdade de trato das empregados e empregadas públicos.

No seo do grupo de traballo de Impulso da formación dos empregados públicos, creado no Acordo para a mellora do emprego público suscrito o pasado 29 de marzo de 2017, participárase no labor de prospección de necesidades das iniciativas formativas para o persoal ao servizo das Administracións Públicas e accedírase ás accións formativas dirixidas á



capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas coa negociación colectiva e o diálogo social.

No seo da Comisión de Seguimento do Acordo do 29 de marzo de 2017 abordárase a análise doutras medidas en materia de condicións de traballo do persoal ao servizo das Administracións Públicas, en particular as que afecten á xubilación parcial de determinados colectivos.

Acórdase crear a Comisión de seguimento, interpretación e avaliación do Acordo sobre condicións retributivas.

En desenrolo de ditas medidas foi aprobado o Real Decreto 956/2018, de 27 de xullo, polo que se aproba e publica o Acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado o 23 de xullo de 2018, en relación ao réxime retributivo da situación de incapacidade temporal do personal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Organismos ou Entidades Públicas dependentes.

Estáse pendente da reforma da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia (Art. 146) que recolla dita previsión aprobada a nivel estatal.


Ademais na Lei de Orzamentos xerais do Estado de 2017, se regularán por primeira vez, os límites salariais dos cargos electos/membros das corporacións locais, aos que nos remite o artigo 75 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, que non sufrirán modificación algunha con respecto ao exercicio 2018-2019.

ENTREGAS A CONTA NA PTE

No que se retire a as entregas a conta, consideraranse os mesmos créditos que se recollen no estado de gastos dos Orzamentos Xerais do Estado en 2018 e os importes que se satisfixeron con cargo ao estado de ingresos dos Orzamentos Xerais do Estado de 2018 pala cesión de impostas estatais. Neste caso, unha vez aprobada a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019, regularizaranse as contías percibidas palas entidades locais.

Polo que sobre a previsión da participación en tributos do Estado do ano 2019 (entregas a conta na PTE e liquidación definitiva do PIE de 2017) sen a LPXE de 2019, resulta imposible, achegar información sobre a evolución prevista para 2018 na Participación en Tributos do Estado, resultando o máis prudente prever os mesmos importes que en 2018 para 2019 cunha pequena actualización.

INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SUSTENTABLES



Para que proceda a aplicación da Disposición Adicional 6ª no exercicio 2019, sería necesario que se recollese expresamente dita medida nunha norma con rango de Lei, é dicir, a mera prórroga automática dos PXE non comporta a prórroga daquela disposición adicional cuxa vixencia se esgota no exercicio.

A falta de regulación específica respecto diso non se poden polo momento realizar investimentos financieramente sustentables con cargo ao superávit de 2017.

COEFICIENTES DE ACTUALIZACIÓN DE VALORES CATASTRAIS do artigo do TRLCI

Tal e como establece o artigo 32.2 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (TRLCI), e co fin de poder axustar a realidade catastral á actual situación do mercado inmobiliario, son as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, as que anualmente fixan os Coeficientes de actualización de valores catastrais.

Por todo elo, os concellos ao longo do exercicio 2019 deberán proceder a introducir ao igual que neste exercizo 2018 as medidas que na Lei de PXE de 2019 lles afecten a través da modificación orzamentaria que corresponda.

LÍMITE DE ENDEBEDAMENTO

A Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 (PXE 2013), regulou os límites para a formalización de novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos, é dicir, o LÍMITE AO ENDEBEDAMENTO local, debuxando tres posibles escenarios:

As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva inferior ao 75% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos.

As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva entre o 75% e o 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán formalizar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das Entidades locais.

As Entidades locais que presenten aforro neto negativo na liquidación do exercicio anterior ou débeda viva superior ao 110% dos ingresos correntes



liquidados consolidados, **NON** poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.

No articulado da Lei 6/2018, de 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 **NON** se establece ningún cambio en relación cos límites ao endebedamento das entidades locais, por tanto, tendo en conta a vixencia indefinida da DF 31ª da Lei 36/2014 de 26 de decembro de PXE 2013, prorróganse os límites incluídos na Lei de Orzamentos de 2013

Respecto da regulación do MARCO LEGAL para o REFINANCIAMENTO DE PRÉSTAMOS A longo prazo, ao contrario que en anos anteriores, a Lei 48/2015 de 29 de outubro de PXE 2016 nada establecía ao redor da posibilidade de refinarciar operacións de débeda palas EELL

Desta maneira, desaparecen as limitacións establecidas para os exercicios 2014 e 2015 (necesario ter o exercicio liquidado, aforro neto positivo e débeda inferior ao 75%); e no exercicio 2016 e 2017 poderase refinarciar calquera tipo de operación de préstamo, independentemente da data de formalización, cumprindo a condición de que a nova operación cumpra o principio de prudencia financeira.

Respecto do INTERESE LEGAL DO DIÑEIRO

Como vén senda habitual, a Lei 6/2018 de 3 de xullo de PXE 2018 a través da Disposición adicional quincuaxésima dispón o tipo de interese legal do diñeiro, quedaba establecido no **3,00 %** ata o 31 de decembro do ano 2018.

Igualmente e para o mesmo período o interese de demora será do **3,75 %**.

E o interese de demora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, será o **3,75 %**.

En materia de servizos públicos, o Concello de Ares deberá seguir emprendendo as actuacións que sexan necesarias para a mellara da eficiencia na súa prestación, de maneira que se eviten duplicidades na actuación das Administracións Públicas, e **levará a cabo os compromisos que se adopten en materia de reordenación e racionalización do sector público local.**

É de significar a necesidade de cumprir estrictamente o Plan de Axuste a que está sometido este Concello; Plan de Axuste aprobado polo Pleno do Concello na sesión do día 28 de marzo do 2012 e valorado favorablemente pala Secretaría Xeral de Coordinación Autónoma e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con data 30 de abril do 2012, no marco das medidas previstas no Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se



determinan abrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago ós provedores das entidades locais.

O Plan de axuste aprobado, estenderase durante o período de amortización previsto para a operación de endebedamento do art. 10 do Real Decreto-Leí4/2012,

debendo os orzamentos xerais anuais que se aproben durante o mesmo, ser consistentes co mencionado plan de axuste.

Insistese por esta Secretaría-Intervención no marco dun escenario de saneamento económico, a necesidade de acompañar o Plan de Axuste dunha forte disciplina fiscal, acudindo a incrementar as medidas de contención/reducción do gasto corrente e da eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha redución dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, redimensionando a estrutura de personal ao servizo da Entidade.

DÉCIMO SEXTO.- Figuran nas Bases de Execución do Orzamento a previsión e dotación de tres adicacións exclusivas, incrementándose a dotación de asignación a grupos políticos a 20.654,5 euros.

Convén destacar en relación ás adicacións exclusivas que a súa percepción é incompatible coa de asistencias pala concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que forma parte, segundo a redacción que a Lei 14/2000 lle dá á Lei 7/1985. Os importes das axudas de custo dos membros da Corporación, dos gastos de locomoción, das asignacións por asistencias dos membros da Corporación e demais indemnizacións quedan fixadas nas contías que se establecen nas Bases de Execución deste orzamento.

Os capítulos terceiro e noveno da clasificación económica dótanse coas cantidades necesarias para atender o pagamento de intereses e amortizacións previstos para a débeda desta Corporación durante o exercicio incluída a nova operación de préstamo suscrita ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan abrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago ós provedores das entidades locais, senda de destacar que tras as medidas adoptadas pala Corporación co acordo plenario da sesión extraordinaria do día 11 de xuño do 2014 relativo a adhesión ás condicións previstas na Resolución de 13 de maio de 2014, da Secretaría Xeral de



Coordinación Autonómica e Local, para que se dá cumprimento ao Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de 24 de abril de 2014, para a modificación de determinadas condicións financeiras das operacións de endebedamento subscritas con cargo ao mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, e que permite a aquelas entidades locais con débeda pendente de amortizar por operacións formalizadas con entidades financeiras derivadas da primeira fase do mecanismo do pago a provedores, a posibilidade de ampliar o prazo de amortización e de carencia, así como a rebaixa do tipo de interese dos préstamos formalizados no marco da 1ª fase do Plan de Pago a Provedores. Dita adhesión ás novas condicións financeiras das operacións de endebedamento formalizadas na primeira fase do mecanismo de financiamento para o pago a provedores coa opción elixida : opción 3, supuxo optar para a redución máxima do tipo de interese nuns 140 puntos básico, á cal se descontará o posible conсте de intermediación bancaria por cambio de operativa e contratos, mantendo os actuais períodos de amortización e de carencia.

Así, cabe significar que a Entidade Bankia comunicou en setembro do 2014 os novas tipos aplicables á operación de préstamo subscrito co FF.PP pasando dun interese do 6 % a un interese do 4,020% e un tipo TAE do 4,140%. Dito tipo de interese en virtude do acordo adoptado pola Secretaría General del Tesoro y Política Financiera o 5 de febreiro de 2015 será do **1,311 %**.

En materia de ingresos e particularmente respecto dos recursos ordinarios (capítulos primeiro a quinto), consígnanse todos aqueles que legalmente corresponde percibir e cuxa liquidación se prevé realizar durante o exercicio. Para isto, tomáronse como base os padróns fiscais do exercicio anterior e a recadación obtida nel polos distintos conceptos de ingresos, as ordenanzas en vigor, as subvencións xa concedidas ou recibidas ou ben que está previsto ou é habitual recibir e mais a restante información da que se dispón. A maior parte das modificacións son o resultado de aplicarlles aos dereitos liquidados en exercicios anteriores, as porcentaxes de aumento previstas polas distintas disposicións así coma os previsibles aumentos das correspondentes bases impoñibles, sen prexuízo da utilización dos datos concretos que xa se coñecen.

É de destacar en relación aos ingresos a continuación da aplicación das medidas previstas no Plan de Axuste (Pleno do 28-03-12, BOP núm. 209, do 2-11-12). así como medidas adoptadas no marco de solventar a situación



económica do Concello, cunha situación de tesourería que sigue mellorando e coas medidas de saneamento introducidas co devandito Plan de Axuste, seguirá mellorando a situación económica e financeira do Concello no presente exercicio económico.

MEDIDAS ADICIONAIS : O Concello de Ares, para seguir na senda do saneamento económico, fai como anos anteriores uso da facultade permitida pola Deputación Provincial de destinar parte dos fondos do POS + 2019 (341.149,17 €.) ao financiamento de investimentos, amortización préstamo e pago a provedores **nos seguintes termos:**

Reducción débeda	104.405,64 €.
Investmentos	231.717,57 €.
Gasto corrente	0,00 €.
Honorar. Redacción proxectos	0,00 €.
Pago provedores	27.924,96 €.
Obra complementaria (investimento financeiramente sostible	Rehabilitación de envolvente exterior na antiga rectoral por 113.933,73 €.

Suliñar que o feito de non haber utilizado como en anos anteriores a facultade permitida polo POS+2019 de destinar unha partida a gasto corrente vai dar lugar a un peche e liquidación con magnitudes menos favorables en relación ás que veñen sendo habitual nos últimos exercicios.

DÉCIMO SÉTIMO.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.-

A estabilidade orzamentaria é obxecto de informe adicional realizado con data 26 de decembro de 2018

DÉCIMO OITAVO.- SITUACIÓN ECONÓMICA. Nos termos sinalados pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro con data 27 de novembro de 1998 pola que se autoriza a concertar unha operación de préstamo por importe de 21.383.216.- ptas., autorización solicitada ó abeiro do artigo 54.3 en relación co 50, parágrafo carto, apartados cinco e sete da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada pola Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social, establece a prohibición para o Concello de non producir incrementos da débeda viva bancaria a longo prazo, en tanto en canto non se conquiran cifras de aforro neto positivo.

Cando unha Administración Local decide acudir a un préstamo a longo prazo debe ter en conta os artigos 49 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004



de 5 de marzo, é dicir debe dispar de aforro neto Positivo e non superar o **110% dos recursos liquidados**.

Así para a determinación do aforro neto e dos ingresos correntes a efectos de calcular o nivel de endebedamento, teráse en conta a liquidación do orzamento do exercicio 2018ou anterior liquidado, e no seu caso, as cifras deducidas dos estados contables consolidados, con suxección a aquela norma e á de estabilidade orzamentaria. A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse tódalas operacións vixentes a 31 de decembro de 2017, incluído o risco deducido de avales e incrementando, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada ou proxectadas en 2019 se has houbese.

De acordo co anterior, no exercicio económico 2019, as entidades locais e a súas entidades clasificadas no sector Administracións Públicas que liquiden o exercicio 2017

-no presente caso por non estar ultimada a liquidación do exercicio 2018-, con aforro neto positivo, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para a financiación de inversións cando o volume total do capital vivo **non exceda do 110 por 100** dos ingresos correntes liquidados ou devengados, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados.

No articulado da Lei 6/2018, de 3 de xullo de PXE 2018 NON se establece ningún cambio en relación cos límites ao endebedamento das entidades locais, por tanto, tendo en conta a vixencia indefinida da DF 31ª da Lei 36/2014 de 26 de decembro de PXE 2013, prorróganse os límites incluídos na Lei de Orzamentos de 2013.

A Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 (PXE 2013), regulou os límites para a formalización de novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos, é dicir, o límite ad endebedamento local, debuxando tres posibles escenarios:

As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva inferior ao 75% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos.

As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva entre o 75% e o 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán formalizar operacións de endebedamento



previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das Entidades locais.

As Entidades locais que presenten aforro neto negativo na liquidación do exercicio anterior ou débeda viva superior ao 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, NON poderán concertar operacións de crédito a longoprazo.

Liquidación orzamento 2017:

INGRESOS

I	1.968.128,74
II	89.604,93
III	1.625.276,45
IV	2.412,14

GASTOS

I	1.791.703,78
II	2.921.266,09
IV	197.971,24

GASTOS

IX	641.649,67
III	43.515,09

AFORRONETO 476.640,08

Ingresos correntes (Cap 1 - V)	6.072.745,95
Gastos correntes (Cap 1, 11 y IV)	4.910.941,11
Anualidade teórica debeda (Cap IX + 111)	685.164,76
AFORRO NETO	476.640,08

Situación da entidade Local en términos de debeda viva coa liquidación 2017(31-12-17):



	DEBEDA VIVA TOTAL consolidada	2.548.716,95€
I	INGRESOS CORREENTES [Liq. 2017]	6.072.759,95€
=	% DÉBEDA VIVA-	41,96%

	DEBEDA A CORTO PRAZO TOTAL	0,00 €.
=	% DEBEDA A CORTO	0 %

Significar que coa liquidación do orzamento 2018, mantendo os dereitos liquidados do exercizo 2017 ten que disminuir a carga financeira expresada anteriormente e quedar nunha estimación do 30%.

Conseguíntemente redúcese a débeda no exercicio 2018 en relación ao 2017. E por conseguinte coa estimación dos dereitos liquidados igual que o ano 2017, a carga financeira sería do **30,00 % ao finalizar o exercicio 2018.**

Para ese efecto nos termos sinalados pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro con data 27 de novembro de 1998, por esta Secretaría-Intervención advírtese sobre o risco de manter a actual estrutura de ingresos e gastos correntes, se ben coas medidas adoptadas nos orzamentos anteriores dos exercicios 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 e o Plan de Axuste corrísese dita estrutura. Esta Secretaría-Intervención considere necesario unha vez máis como ven advértindo en anos anteriores, vista a escasa recadación por ICIO, que se proceda a aplicar con rigor as taxas e prezos públicos e especialmente en relación ó ICIO mediante a oportuna comprobación administrativa, que modificará, no seu caso, a base impoñible provisional, practicando a correspondente liquidación definitiva tendo en conta o custo real e efectivo dá mesma, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Consideráse aconsellable cumprir as medidas previstas no plan de Saneamento aprobado ó abeiro do Real Decreto-Lei 5/2009, apartado II PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO, por acodo Plenario de data 24-07-09, no marco do Real Decreto-Lei 5/2009, do 4 de abril, de emdidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás Entidades Locais o saneamento de débedas pedentes de pago con empresas e autónomos, caso contratrio esta Corporación presentará un marco económico crítico ou de colapso, que fará imposible facer frente ás obrigas



económicas adquiridas e futuras; situación que empezou a corrixirse co cumprimento do mesmo e medidas adicionais de austeridade do gasto para recuperar un aforro neto de nivel de cero ou positivo, fundamentalmente o Plan de Axuste aprobado ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012 á vez que é necesario esforzarse por recuperar os niveis de ingreso corrente de exercicios anteriores.

É necesario sobre as medidas estruturais urxentes e de carácter extraordinario que aprobanonse no Plan de Axuste, acompañalas dunha forte disciplina fiscal incrementando as medidas de contención/aforro do gasto corrente e a eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha moderación ou redución dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, recomendándose efectuar unha redimensión de persoal á baixa, en función das necesidades reais e da carga de traballo de cada área.

Volvése a incidir como o informe dos orzamentos dos exercicios 2011,2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018 que ditas medidas podéanse acompañar dunha política adicional de aforro enerxético, continuando coa redución dos puntos de luz a partir dunha hora determinada, substitución de bombillas por leds, substitución de equipos anticuados por outros mais modernos, redución de potencias ou a redución de material funxible dos servizos, tales como a impresión a dobre cara de documentos, control de fotocopiadoras introducindo claves personais nas mesmas, aplicación estricta das taxas, en especial a ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, etc.

DÉCIMO NOVENA.- INVERSIÓNS.- Nos ingresos figuran as achegas previstas do POS + 2019.

BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DAS OPERACIÓNS DE CRÉDITO PREVISTAS:

Cabe concluirá vista dos resultados do exercicio 2017 e tendo en conta que a liquidación do exercicio 2018 está sen pechar, que nas principais magnitudes económico-financeiras e orzamentarias **o Concello de Ares mellorou a súa situación en tódolos aspectos amosando, a primeira vista unha situación estable e financieramente saneada e cunha execución orzamentaria equilibrada con superávit orzamentario**, pero dita situación vese matizada de xeito negativo pala operación de préstamo concertada ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, se ben o Plan de Axuste da resposta á nova situación, senda necesario cumprir estrictamente o devandito Plan de Axuste acompañando o mesmo dunha forte



disciplina fiscal, acudindo a incrementar as medidas de contención/reducción do gasto corrente e da eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha redución dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil.

É de destacar o requerimento efectuado polo Ministerio de Facenda de 31 de outubro de 2018 relativo á desviación nas magnitudes económico-orzamentarias derivado do informe de seguimento do Plan de Axuste relativo ao cuarto trimestre de 2017, en concreto a desviación das magnitudes de RTGG axustado RTGG-(413) e PMP/Morosidade o cal foi aclarado por escrito da alcaldía de 8 de decembro de 2018 que pódese resumir na seguinte xustificación:

	Exercicio 2016	Exercicio 2017
Remanente tesourería para gastos xerais:	+1.426.948,77€	+1.844.178,01€
Morosidade primer trimestre:	58,66 días	
	24,43 días	
Morosidade segundo trimestre	84,36 días.	
	30,69 días	
Morosidade tercer trimestre	55,59 días	
	15,07 días	
Morosidade cuarto trimestre	56,78 días	
	12,53 días	
Estabilidade orzamentaria:	+1.003.953,06€ (+15,86%)	883.323,83€ (14,41%)
Aforro neto:	730.759,41€	476.640,08€
Debeda viva total consolidada		3.086.410,78€
		2.548.716,95€
Carga financeira:	49,07%	41,96%
Resultado orzamentario azustado despois de axustes:	512.033,04€	551.687,50€

Respecto a débeda viva, a mesma vai na senda do cumprimento salvo unha lixeira desviación, porcentualmente de escasa entidade:



Previsión Plan de Ajuste 2017 (en miles): 2.365,14€.

Deuda viva a 31-12-2017 (en miles): 2.548.71€.

O sexa a desviación foi de (en miles) de 183,57€.

Esta Corporación aprobado o Plan de Axuste e a súa aplicación, entro una senda da estabilidade orzamentaria, rebaixando notoriamente a débeda financeira, mellorando ostensiblemente as magnitudes económico-orzamentarias, abonando a débeda comercial nos prazos legais. Así a data 31-12-2017:

Carga financeira coa liquidación 2017: 41,96%

Debeda viva a 31-12-2017: 2.548.716,95€

Cabe significar que esta Corporación liquidará o actual exercicio 2018 cunha carga financeirira estimada inferior ao 30%.

Respecto ao PMP, O MESMO FOI:

PMP primer trimestre 2017: 24,43 días.

PMP segundo trimestre 2017: 30,69 días

PMP tercer trimestre 2017: 15,07 días

PMP cuarto trimestre 2017: 12,53 días

Finalmente por esta Secretaría-Intervención volve en relación as asignacións efectuadas ós grupos políticos aprobada na sesión Plenaria do día 25 de xullo de 2003 e na sesión de xullo de 2007, que de acordo coa Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e esencialmente a Lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación dá Lei 7/1985, de 2 de abril, hoxe en día recollido poia modificación efectuada pala Lei 57/2003, de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local, non poderanse destinar ditas cantidades ó pago de remuneración de persoal de calquera tipo ou servizo dá Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial; e sen prexuízo de que sexa posta a disposición do Pleno da Corporación, volve ó igual que no informe ós orzamentos dos anos 2005, 2006, proxecto de orzamento de 2007, 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 a solicitar formalmente ós grupos políticos a contabilidade específica de dotación, contabilidade que a día de hoxe non foi entregada en relazón ós anos solicitados.

Insistir novamente na referencia ó Informe do Tribunal de Cantas, remitido á Comisión Mixta Congreso-Senado para as Relacións ca Tribunal de Cantas,



dado que en referencia a financiamento público dos Grupos Políticos Municipais, o apartado II do informe do Tribunal de Cantas formula unha severa crítica a modificación ademais de fragmentar a unidade normativa en materia de financiamento de Partidos Políticos, coa conseguinte inseguridade xurídica que elo supón, incorpora un elevado marxe de indeterminación no límite cuantitativo desta modalidade de financiamento en cada Corporación Local, xa que soamente contempla a posibilidade de que as sucesivas Leis de presupostos Xerais do Estado establezan un límite, con carácter xeral, limitación que non foi recollida en ningunha das Leis aprobadas ata agora, e doutro lado non previuse ningún procedemento de fiscalización.

Aprobada a RPT do Concello de Ares, procede provistar regulamentariamente a praza de Intervención do Concello de Ares, dando por reproducidas as motivacións efectuadas nos orzamentos de anos pasados de forma reiterada (excesiva carga de traballo-imposibilidade material de adicar o tempo necesario, xestión e fiscalización económica-financeira máis eficaz; obrigatoriedade por imperativo legal de dispoñer de dita posto -DECRETO 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal- senda de destacar que Concellos con menos orzamento e poboación dispoñen de dita posta : Mugardos-Neda, etc.

Finalmente suliñar en relación ás expropiacións da EDAR que estase a aboar previa valoración do Xurado de Expropiación de Galicia; que é posible que a cantidade orzade sexa insuficiente para efectuar o abono das mesmas, estandose na fase final e pendente de realizar liquidacións cos Concellos de Fene e Mugardos en base ao convenio asinado cos mesmos para liquidar ditas pagos. Asi mesmo hai que ter en conta a Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol de 29 de xuño de 2016 "Sasiain Brage Promociones SL." ca cal chegouse au acorde apara aboar a debéda de dous procedementos xudiciais no primeiro trimestre de 2019 :

- Sentenza de 12-01-2018: 27.340,12 €.
- Sentenza de 29-06-2016: 72.532,08 €.

De ditas cantidades foron aboados 50.000,00 euros no presente exercicio (4 de xuño) quedando pendentes de abono 75.827,01 €. (incluídos intereses).

Na súa consecuencia, coas previsións que anteriormente quedan expresadas, coas excepcións efectuadas, a reservas do exposto anteriormente, que logrouse



a xuízo do funcionario informante a efectiva nivelación do referido orzamento.

Ares, a 26 de decembro do 2018.

O Secretario-Interventor

Intervén o Sr. Alcalde dando os bos días a todos/as manifesta que damos comezo ao pleno de aprobación do orzamento 2019 como punto único, o orzamento foi ditaminado na comisión de facenda e en consecuencia abrimos unha quenda para fixar posicións sobre o mesmo.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e os bos días a todos/as, manifesta que estamos aquí diante dun debate sobre a xestión orzamentaria do ano 2019 é posible que sexa o debate máis importante do ano, porque o que fai é situar o que é unha intención do grupo de goberno ao respecto da política municipal. Non podíamos pasar por alto os precedentes de estas datas para convocar pleno Express previo a unha comisión de facenda urxente e extraordinaria de onde apenas tivemos tempo de mirar o que son o expediente, así a todo atopamos cun orzamento continuista como ben explica a memoria dos orzamentos que di que o orzamento presentado é un orzamento continuado con respecto ao do ano pasado ben, non só ao do ano pasado senón que é unha tendencia dos últimos anos de goberno socialista. Temos que ter en conta unha cousa si nos queremos considerar un orzamento temos que ter en conta a realidade de Ares, e a realidade de Ares non se está tendo en conta neste sentido xa que hai uns parámetros importantes ao respecto por exemplo do paro ao respecto tamén de todo aquilo que ten que ver co comercio, con esas actividades que xeran economía, xeran crecemento e tamén que xera servizos na disto aparece reflectido neste documento orzamentario, o que si é salientable que nos explica aquí na memoria é que hai un incremento, un incremento 2.25% do gasto designado neste capítulo a gastos de persoal, é importante saber tamén que no estado de ingresos di "tívoise en conta basicamente o contido incremento que ben sufrindo dende o ano 1998 polo imposto de bens inmobles de natureza urbana e a participación do Fondo Nacional de Participación" ou sexa, recoñese que na parte dos ingresos o mais importante é esa suba de impostos que se ben dando e que sitúa ao Concello de Ares uns dos concellos da provincia da Coruña como veremos mais adiante co tipo impositivo mais alto. Eu quería poñer aquí un caso claro para que vexamos a variación do goberno do partido socialista dende o ano 2007 que entrou ata o día de hoxe, e no ano 2008 unha persoa que tiña un vehículo



cuns determinados cabalos pagaba 79,93€ esa mesma persoa paga agora 115,90€ en canto o IBI, un caso dun piso pequeno non é gran cousa, no ano 2008 pagaba 57,38€ e no ano 2018 95,36€ en canto o recibo do lixo no ano si no ano 2008 95,56€ agora paga 108,92€, e non temos aquí os recibos da auga que isto aínda multiplica a situación quero dicir con isto, que o que houbo aquí é unha brutal suba de impostos que están a pagar os veciños e iso é o que vostedes entenden como que é o estado de ingresos di “tamén é de subliñar a previsión de dotación da participación deste Concello no Fondo de Cooperación Local con 237.567,24€ ben, todo isto realmente non ten nada que ver cunha acción do goberno, isto ben dado o que si que ten que ver ca acción do goberno é esa cargación de impostos que antes dicíamos, é ao respecto da debede di “a redución operada no exercicio 2018 polo tipo impositivo do IVI pola favorable evolución da situación económica da Entidade” pero hai pouco tivemos un pleno onde se dicía que esa baixada do tipo impositivo que non afectaba practicamente para nada. Si miramos un poupo o que é a débeda viva de como foi evolucionando nestes dez anos temos aquí unha parte moi importante, no ano 2012 houbo unha suba brutal da debede viva ao respecto dunhas facturas que houbo que pagar, houbo que pagar unhas facturas que estaban gardadas no queixón que foi a responsabilidade de este goberno e que chegaban case aos tres millón de euros iso si foi a debede viva súper disparada do Concello de Ares e para iso, o grupo de goberno o que fixo foi aumentar as medidas para pagar esa débeda entón a día de hoxe, como ben dicía o Alcalde o outro día, imos a chegar case a este límites de débeda viva do ano 2007 cando empezou o goberno do partido socialista polo tanto esa débeda viva estase pagando, está chegando xa a eses niveles pero o que se obvia ou no se quere dicir é que quen foi o que pagou esa débeda viva foi os veciños do Concello de Ares cos seus impostos de maneira que, directamente é proporcional a baixada da débeda viva con a subida de impostos que ocasionan o gasto aos veciños polo tanto, non estamos nunha política económica onde o concello saca de onde ten que sacar para que os menos afectados nunha época de crise como o que estamos a vivir sexan os veciños/as de Ares senón que todo o contrario, carga precisamente contra eles e eu aquí teño que dicir unha cousa o que se paga de impostos no Concello de Ares hai moitas familias que teñen que dedicar un mes dos seus ingresos só para pagar os impostos, o cal estamos situados nunha situación extrema. Non podemos tampouco obviar o tema que está reflectido nas bases de execución que teñen que ver tamén con algo que xa falamos o ano pasado que son as indemnizacións aos membros da corporación, iso realmente o que temos que dicir aquí é que son vostedes os que fan os orzamentos polo tanto son vostedes os únicos responsables dunha circunstancia que imos a subliñar aquí, nas bases de execución de este



Orzamento volve a admitir que é lóxico, que o órgano máis importante que é o pleno se lle consigne 67,12€ a súa asistencia, mentres que aún a xunta de goberno se lle consigne 206,57€ ou sexa nun pleno os que estamos aquí lle xera ao concello 670,12€ de gasto un pleno para dez porque os dous restantes xa teñen dedicación é unha xunta de goberno xera 826,28€ pero é que resulta que están a facer máis de catro xuntas de goberno ao mes o que xera 4131,4€/mes en gastos en xuntas de goberno, mentres cun pleno 670,12€ un pleno para dez persoas e xunta de goberno para catro pero resulta que no pleno tamén entras esas catro ou sexa que a diferenza é bestial, e ao respecto disto non temos mais que dicir do que dixemos xa o ano pasado e a pregunta que lle imos facer é, vostedes son os que fixeron este proxecto de orzamentos ¿creen que estas cifras son de xustiza? ¿creen vostedes que con esta manobra se prestixia a política? E voules pedir un favor, non me contesten agora, contéstenme como si estivesen na oposición.

No mesmo documento veñen reflectidas o que son as subvencións a asociacións facemos unha crítica sempre ao respecto das subvencións nominativas porque Ares ten regulamento de subvencións a entidades e ese regulamento de subvencións a entidades ven referidos segundo os criterios que se teñen en conta para saber canto lle corresponde a cada entidade e ao respecto de iso sábese a xente que move e tamén interese que pode espertar e a necesidade de ese servizo na sociedade aresana ben, ese documento regulamento hai anos que non se utiliza e pasouse as subvencións nominativas que son aquelas que decide o Alcalde e o grupo de goberno a dedo e non hai aquí un criterio nin un plantexamento ao respecto a un convenio que pode haber que un concello da unha subvención a unha entidade a cambio de que a entidade de outra cousa poden ser uns servizos ou calquera outra cousa, nestas subvencións vemos outra vez unha inxustiza total porque non acabamos de ver ningún criterio máis que as amigos lles damos máis aínda que a importancia sexa menos e non digo que eu que a importancia sexa menos e que sexa unha opinión miña senón que a cousa está clara, vou a poñer dous casos ben claros e vou a escoller dous casos que son moi parecidos, un caso e Xabre unha asociación de amigos de dominó e outro caso é Xabrega poño estes dous porque son parecidos no nome entón Xabre que é unha asociación de dominó ten de subvención 500€/ano todo o meu respecto a xente que xoga ao dominó é Xabrega é unha entidade cultural que ten unha escola de música e unha banda de música e move unha importante cantidade de nenos/as que ademais estase dando formación e que esa formación está xerando un gasto grande que a entidade non pode soste e recibe de subvención 600€/ano, 100€/ano máis non sei eu Luís que opina disto, isto en linguaxe do dominó



sería plans non sei isto é para quedar en branco con esta cantidade. E moi importante dicir estes detalles porque isto o que fai é visualizar o interese que ten o goberno en certas políticas en pagar aos seus amigos ou é en non apoiar unha actividade que nós entendemos que é moi importante, ademais temos que subliñar outra cousa hai entidades que non teñen local como é o caso de Xábrega pero o Concello de Ares lle paga o aluguer do local quero dicir, que tampouco neste sentido se actúa con igualdade ao respecto das distintas asociacións.

Pouco máis temos que dicir deste orzamento, simplemente que non vai a favorecer para nada a cuestión económica e de servizos, non se ven os investimentos, nós fixemos unha proposta que xa foi rexeitada e que o concello faga o que teña que facer para que o colexio vaia adiante, nós pedimos que ese investimento viñese aquí reflectido, aquí non ven reflectido directamente polo tanto non é unha cuestión importante para o goberno non é unha cuestión prioritaria cando este 2019 o Concello de Ares tiña que ter os deberes feitos facer o que lle toca facer, e poñer os terreos a disposición da Xunta para que poida facer a ampliación do colexio esa é a postura do BNG esa é unha das prioridades do BNG por tanto, non hai nada que facer continuamos como a contratación do asesor de cultura que ademais é un caso increíble, unha persoa que ofrece uns servizos e que leva tanto tempo aquí como o Alcalde e como grupo socialista no goberno e resulta que non está en condicións de ser contratado por unha administración pública, sen embargo segue facendo o traballo e despois de oito meses se lle paga con atraso, eu non sei ata que punto isto poderá ser legal dalgunha maneira o que si cheira a un pago de favores bestial a unha persoa que non está facendo o traballo que merece esa cantidade de cartos polo traballo que nós podemos comprobar.

Queríamos tamén facerlle unha pregunta ao Sr. Secretario porque igual equivocouse ben non, igual se lle pasou e con isto vou rematando, no seu documento fala da necesidade da contratación do interventor di que hai que contratar a un interventor porque é incapaz de facer o traballo de fiscalización iso xa o vemos nós, e incapaz de facer o traballo de fiscalizar as contas e polo tanto estase a facer diante dun documento orzamentario-económico onde o interventor di isto é imposible de levar, o normal é que se poñan os medios para solucionalo iso sería contratar a un interventor e o concello de ares non quere precisamente porque o que fai o interventor é controlar desta maneira a cousa sería mais xusta.

Para rematar fago mención ao informe do Sr. Secretario, o Sr. Secretario-Interventor di "en relación as asignacións efectuadas os grupos políticos



aprobada na sesión plenaria di que volve igual que nos orzamentos anteriores, solicitar formalmente aos grupos políticos a contabilidade específica de dotación, contabilidade que a día de hoxe non foi entregada en relación aos datos solicitados" Sr. Secretario a vostede chegoulle un documento presentado por rexistro dirixido a Secretaria e tamén ao rexistro o BNG presentaba as contas do exercicio 2008, si lle chegou porque vostede non o reflicte aquí como anos anteriores, como non di salvo o grupo municipal BNG que ten o día as conta, foi algo que se lle esqueceu ou é algo que vostede non quere poñer porque cheira e pode incomodar ao resto dos grupos, esta é a miña pregunta e nada máis nesta primeira quenda de intervencións.

Remata o Sr. Mesías Farías a primeira quenda de intervencións dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dando os vos días a todos/as, manifesta que no informe económico-financeiro no punto décimo terceiro di "que con carácter previo a calquera acordo plenario, o expediente deberá someterse a estudo pola Comisión Informativa de Facenda" cree o grupo de goberno PSODEG-PSOE, NAL e Son de Ares que un documento desta índole pódese someter a estudo entregando o día anterior a comisión, isto unha vez máis é un desprezo ao conxunto da oposición que non nos deixa exercer o noso dereito pero iso ao Sr. Alcalde impórtalle moi pouco porque para aprobar os orzamentos xa ten aos seus soportes onde apoiarse Son de Ares e NAL.

Con respecto a operación de crédito subscrito no Fondo de financiamento de pago a provedores pasouse dun interese do 6% ao 1,311% en febreiro do 2015, porque esta baixada de intereses e dada a situación favorable de tesourería porque non se baixa a presión fiscal aos aresáns baixando as taxas e os impostos ou porque non se destina a obras e servizos propios do século XXI é esa a xestión do grupo de goberno PSdG-PSOE, NAL e Son de Ares. Os fondos do POS 2019 341149,17€ os destina a financiar débeda pago a provedores e o que queda para obras, este ano salvouse o gasto corrente con respecto aos anos anteriores e isto vai a dar lugar a un peche con magnitudes menos favorables en relación a anteriores exercicios.

Cando o grupo de goberno en xaneiro de 2017 aprobou a RPT a que comezou a elaborarse o 2 de abril do 2012 e que custounos a todos os aresáns ano tras ano 5808€ esta RPT que a día de hoxe non sabemos a canto ascende a súa totalidade debido a que o Sr. Secretario ante a falta de previsión da praza de intervención e da escaseza de medios persoais nos servizos económicos




implican que a contabilidade e o desenvolvemento do servizo orzamentario vaia con atraso e as veces non exista como é o caso da xestión do saneamento e abastecemento do auga. O Secretario reconece que isto afecta ao estricto cumprimento das obrigacións do subministro de información e da súa veracidade, para cando Sr. Alcalde o interventor neste concello, necesitamos máis que nunca un interventor, esa RPT que non sabemos aínda canto lles custou aos aresáns naceu morta e por ésto vendo que o Xefe de Persoal non actúa o Secretario recomenda efectuar unha redimensión do persoal a baixa, en función das dimensións, das necesidades de traballo de cada área iso foi xustamente o que consideramos necesario dende o noso grupo, necesítase unha reestruturación dos postos de traballo co fin de racionalizar a efectividade dos mesmos e que non tiveron en conta na RPT e agora o tempo danos a razón. Con respecto ao procedemento efectuado polo Ministerio de Facendo o 31 de outubro do 2018 no relativo a desviación nas magnitudes económicas orzamentarias derivadas do informe de seguimento do Plan de Axuste relativo ao cuarto trimestre do ano 2017 e aclarado por escrito da Alcaldía o 8 de decembro do 2018 chámamos a atención no documento económico-financeiro que di "cabe significar que esta corporación liquidará o actual exercicio 2018 cunha carga financeira estimada inferior ao 30%" o mesmo di a memoria explicativa da Alcaldía, e no escrito que a Alcaldía envía ao Ministerio de Facenda di "que se cerrará o exercicio 2018 cunha carga financeira inferior ao 40%" para cando Sr. Alcalde o interventor, porque non quere o interventor iso non ocorrería si tivesemos un interventor. O Secretario pide que se dote regulamentariamente a praza de interventor o di ano tras ano, Ares necesita un interventor e a oposición tamén necesita unha xestión e unha fiscalización económica-financeira eficaz é obrigatorio por imperativo legal dispoñer dese posto segundo o Decreto 49/2009 do 26 de Febreiro.

Con relación as expropiacións da EDAR di que é posible que a cantidade destinada nos orzamentos non chegue, ademais está por liquidar a sentenza do contencioso administrativo de xuño do 2016, si esta sentenza non se leva ao pleno pídolle que se leve a comisión pertinente ou a xunta de portavoces, p'ara cando a lei de transparencia Sr. Alcalde, para cando o portal de transparencia é importantísimo prever isto para non ter que pagar intereses como ocorreu con esta sentenza que se pagan de intereses 25955€ que por certo os pagamos todos os aresáns.

Un ano máis, non estamos de acordo co reparto das subvencións nominativas pois non observamos un reparto equitativo das mesmas.

Remata a Sra. Martínez Martínez a súa primeira intervención.




Intervén o Sr. Alcalde manifestando que intentando mais ou menos contestar a todo cando efectivamente o PP ganou as eleccións xenerais levaba como base fundamental do seu programa político baixar os impostos e sabemos que non os baixou, o primeiro que fixo foi subir o IVA das chuches e despois subiu o IBI, non só subiu o IBI senón que ademais revisou os valores catastrais sobre o que se aplica a base impositiva do IBI, eu non gañei nunca as eleccións dicindo que ía a baixar os impostos, creo na política fiscal e no 2011 por convicción e por obrigaçión porque se xuntaron as dúas cousas, a crise económica non só foi no concello de Ares foi en todos os concellos de España, fixemos unha actualización de todas as ordenanzas fiscais e actualizamos os valores por certo foi a única vez que o fixemos. A última vez que se subiu o IBI antes de chegar nós ao goberno foi no 2003 e dicir fai 15 anos, e neses 15 anos houbo unha única subida no 2011 e dúas baixadas no 2015 e no 2017, que as baixadas poden ser compartidas ou non compartidas, hai dúas baixadas dúas centésimas, que as subidas poden ser compartidas ou non compartidas unha en 15 anos, en 15 anos só houbo unha e por certo non gañei as eleccións dicindo que non ía a haber ningunha, non mentimos ao electorado creemos na política fiscal, fixemos unha actualización, unha en 15 anos e aínda encima corriximos o tipo baixando do 0,70% ao 0,68% cando a situación o permitiu. Porque efectivamente a pesar de esas dúas baixadas e unha única subida en 15 anos sigue subindo o ingreso pola recadación do IBI, a primeira razón é pola taxa de corrección da infracción, que todos os anos sen tocar os tipos en todos os concellos de toda España aplícase o IPC, en todos os concellos nos de esquerdas, dereitas en todos aplícase o IPC, só a subida do IPC xa supón un incremento do IPC no valor de recadación total pero ademais o dato máis importante é a loita contra o fraude fiscal este concello asinou dos convenios coa Inspección de Facenda para loitar contra o fraude no IBI, dous inspeccións en 15 anos buscando garaxes que non estaban dados de alta, piscinas que non estaban dadas de alta, buscando casas que non estaban dadas de alta e atopamos un 8% de fraude, atopamos moitísimas ampliacións de vivenda e moitas construcións secundarias e anexas que non estaban reflectidas no catastro, fixemos dous convenios con Facenda para loitar contra o fraude e nas dúas ocasións atopamos un fraude importante en consecuencia, é a loita contra o fraude e as actualizacións do IPC o que xeran os incrementos de recadación dende o 2011 porque dende o 2011 ata agora non houbo ningunha subida do IBI todo o contrario, houbo dúas baixadas dunha centésima cada unha é dicir en total dúas centésimas de 0,70% a 0,68% de 0,68% cando efectivamente hai concellos que non teñen as nosas condicións socioeconómicas e están recadando un IBI baixo a aplicación dun 0,67% ou do 0,66% como é o caso de concellos limítrofes ao noso 0,65, 0,66 0,67 e por suposto do 0,68 houbo un IBI



DE 0,71 en Narón cando nós tiñamos 0,70 o que pasa e que ten moita mais capacidade de recadación e nos permitimos baixalo, porque ten máis recursos ten polígonos industriais que nós non temos. En Ares págase un 0,68 polo IBI pode parecer excesivo cando se vende un piso en Neda vense polo mesmo prezo en Ares, un piso en Neda vale igual que en Ares, un piso en Mugar dos vale igual que en Ares cando se vende un piso é o mesmo prezo non, en Ares a propiedade urbana cotízase moito máis, que vende un ferrado por 6000€ aquí ninguén é rústico non se pode facer nada nel e non vende ninguén un ferrado rústico por menos de 6000€ e non vale máis que para plantar patacas entón efectivamente, os cidadáns son conscientes do valor que teñen as súas propiedades en Ares entón , un IBI de 0,68 que por certo non prometemos telo menor non enganamos a ninguén que por certo o fixemos no 2011 antes das eleccións, non o fixemos despois das eleccións, despois de ser o partido máis votado o fixemos co plan de urbanismo o facemos sempre antes e a xente logo vota non escondemos o plan de urbanismo nun queixón, non escondemos a subida de impostos nun queixón ou facemos ca convicción de que é única maneira de facer fronte a unha situación de débeda que loxicamente é insostible, antes como se financiaba efectivamente a débeda, a financiaban os provedores non lles pagabas ata o ano que ven e chegou un momento de crise onde os provedores non podías esperar, a banca deixou de negociar papel, entón se non lles pagabas co papel que xa non lle adiantaba a banca pois efectivamente corrían o risco de irse a quebra e tivemos que facer fronte a todas esas obrigacións e tivemos que ir a un préstamo que non se habilitou para o Concello de Ares, habilitouse para todos os concellos de España por parte do Sr. Montoro deu un tipo de interese que foi sobre o que tivemos que calcular a solución da obrigación que foi un 5,75%, para facer fronte ao pago provedores fixemos política fiscal pero non enganamos a ninguén, non fixemos como o PP que falaban do IBI das chuches e logo o subiron que falaban do IBI e subiron as actualizacións catastrais e a subida do IBI en todos os concellos que non a actualizaron por certo en Ares non, porque en Ares o actualizamos, dos actualizacións de valores e dous inspeccións polo Ministerio de Facenda e esa e a razón da subida, que non subiu ningún imposto desde o 2011 e a última foi no 2003 e dicir, en 15 anos se fixo unha subida de impostos por certo a única deste goberno en 2011.

No recibo do auga todos sabemos que se pagan seis cousas ademais ademais do auga, pase o auga e a rede de sumidoiros en baixa coa construción da EDAR aparte do auga e o rede de sumidoiros en baixo houbo que meter o canon de vertido e o rede de sumidoiros en alta e logo efectivamente Augas de Galicia o goberno do PP que promete non subir impostos creou o canon do auga entón,



no recibo do auga se paga o auga, o rede de sumidoiros en baixa, rede de sumidoiros en alta o canon de vertido e o canon do auga entón efectivamente, eses son os incrementos que houbo iso é unha subida de impostos, creáronse novos servizos a depuradora esixe pagar o canon de vertido e o saneamento e o PP creou o canon do auga, que impostos subimos nós ou que impostos creamos, temos que cobrar no auga o que nos obriga a lei o auga e o saneamento en baixa que se pagaba antes e co canon do auga o canon de vertido e o saneamento que é o custo de colectores e bombeos para levar todas as augas fecais a Chanteiro pois houbo que metelo que antes ese servizo non existía, ímonos a queixar imos a pedir sempre o mesmo, depuración integral da ría e non pagala se constrúe a depuradora se expropian os terreos ponse os colectores e bombeos pagase a luz para que os colectores bombeen, depurase e iso vai a saír gratis en Ares xa non é gratis, en Ares o fixemos en Ferrol están intentando facelo fai anos e non o dan conseguido, a taxa de saneamento en Ferrol e en Narón e de 0,5% e en Ares cumprimos dende o primeiro momento cousa que non fixo Mugar dos gobernando o BNG, nós cobramos no recibo todas as nosas obrigacións fiscais e en Mugar dos e en Fene tamén gobernando o BNG non, non lle pasaban aos veciños esas taxas nos recibos pero ben efectivamente non son exemplo de nada.

A débeda viva, pois polo menos a responsabilidade dun goberno están en non incrementala non, nós este ano a imos a deixar como a atopamos, a débeda viva que deixou o PP cando nós deixamos ao goberno e a que imos a deixar, que herdanza deixo, a que me atopei en débeda viva a iso hai que sumar o Centro de Día, a Casa da Xuventude a piscina a Galiña Azul o asfaltado do Mazote e do cementerio que daba pena o mesmo do Porto efectivamente todo o que fixemos a depuradora, a rehabilitación de moitas propiedades municipais e a compra de moitas propiedades que incrementan o activo do concello porque non preocupamos con toda a crise de gastar en 50000€ ou 100000€ todos os anos en adquirir propiedades que mañá ven un Alcalde e si quere as vende e recupera os cartos, si quere as vende porque todo son propiedades patrimoniais non poñemos ningunha adscrita a un servizo todas as mercamos como bens patrimoniais, a casa da policía, a casa da xuventude, a casa de Chanteiro e múltiples propiedades, quen queira mañá as vende e liquida patrimonio e ten o que se gastou por elas ou mais porque aínda encima as mercamos baratas por certo, a deputación daba todos os anos un programa que e chamaba PAI que nos axudaba a débeda o PAI era cento trinta e pico, cento corenta mil euros durante oito anos xa é medio millón efectivamente a débeda págase cos veciños e con activos porque foi un instrumento específico



para pagar a débeda como o PAI que aplicábase necesariamente para pagar débeda.

En canto as indemnizacións son as que nos atopamos cando chegamos ao goberno, son as que tiña o PP salvo unha baixada que fixemos nós na crise, baixamos as indemnizacións e non subiron nunca cobrase o que aprobou o PP no 2003. No 2011 cando subimos os impostos, baixamos as indemnizacións e dicir no concello cóbrase o que se aprobou no 2003 máis a baixada do 2011 esa é a realidade. Ofrecimos aos grupos da oposición un acordo sobre este tema varias veces e nunca houbo consenso entón senón hai consenso non se toca na primeira lexislatura eramos cinco non tiñamos ningún pacto de goberno sen dous máis non o podíamos tocar e non o tocamos, na segunda lexislatura subimos a seis e tivemos unha colaboración moi importante a través do PAC para a aprobación do plan de urbanismo con NAL eramos sete, ofrecimos consenso e non o conseguimos pois non temos que asumir nós esa responsabilidade si vostedes non a subides pois nós tampouco porque vostedes están moi acostumados a pedir ao PSOE o que vostedes non están dispostos a facer. Nesta lexislatura creo que estivemos seis meses tendo reunións en varias xuntas de portavoces polo menos estivemos seis meses esperando as vosas contestacións e tampouco foi posible, e moi bonito pedir que se os suba o soldo tomando nós a responsabilidade política de facelo pois non, súbame o soldo pero sen o meu voto e o que vostedes están pedindo, súbase o soldo pero nós non o imos a votar a favor iso é a conclusión porque nós imos ter que temos que actualizar as indemnizacións sen as vosas colaboracións sen o voso consentimento, só non nos da a gana non queremos asumir esa responsabilidade nosoutros só porque o seguinte é que nos subimos o soldo e que o soben os que votan a favor e que se salva os crebafolgas que se lles sube o soldo sen ir a folga iso é o que vostede propoñen ser crebafolgas beneficiarse da loita do compromiso dos demais sen ir a folga entón é moi bonito ser crebafolgas non ir a folga e logo os beneficios de ir a folga asumilos iso é ser crebafolgas aquí si se quere subir o soldo o subimos todos vostedes tamén se mollan e foi o primeiro que dixemos dende o primeiro momento si estades de acordo o subimos non houbo acordo pois o que aprobou o PP no 2003 nin máis nin menos ao contrario menos que no 2011 houbo unha baixa significativa e conxelación, fixemos unha baixa e durante moitos anos non se subiu nada.

En canto as subvencións nominativas son máis transparentes e da máis seguridade que efectivamente enganar as entidades dicindo que vai a concorrência competitiva e logo efectivamente en concorrência competitiva atoparse cunha realidade que non é agradable porque si as cousas van en



función do número de socios e mil cousas máis do que gasten e tal pois ao mellor non reciben o que esperan, nós fomos falando cas entidades, cada entidade sabe o que vai a recibir e se lle da sen enganala, sen esixir lle papeleo sen ampararnos en ningún dato o damos porque o damos e punto e ademais vai no orzamento e punto vostedes o ven e si queren o critican e vostedes ven o que damos dende o primeiro día e non esperar a unha resolución en de onde dalgunha maneira non se é transparente porque non se sabe o que se vai dar ata que se da, non hai seguridade porque as entidades non saben o que va a recibir ata que o reciben, aquí dende o primeiro momento se sabe o que vai recibir cada entidade a quen non lle gusta, pois se non lle gusta pois non lle gusta pero para iso somo diferentes e se aplica diferente, nós o facemos así e xa está, e nese sentido as entidades saben o que van recibir dende o primeiro momento contan con eses cartos fixo e non están efectivamente baixo a incerteza de que efectivamente non saber o que se lles pode dar. Xabre e Xábrega, cando vostede estaba en Xábrega cortou todas as relacións de esa entidade co concello nos devolveu a subvención que lle dimos e nos deu a chave do local que lle cedimos afortunadamente vostede xa non está en Xábrega e a relación cambiou xa non nos devolven a subvención xa lles damos e a nosa intención e darlles máis e xa estamos rehabilitando as Escolas do Lago para cederlles un local, iso grazas a que vostede se foi porque mentres vostede estivo en Xábrega non quería as subvencións municipais e devolveunos as chaves do local que lle cedimos porque lle gustaba moito máis a salsa da confrontación lle interesaba máis que o concello non tivera ningún contacto con Xábrega porque a min gustaríame saber en que asemblea aprobouse devolver a subvención a devolveu vostede, vostede tomou a decisión de devolvela e iso é a realidade e dende que vostede non está en Xábrega o entendemento é maior, a colaboración é maior porque mentres vostede estivo non había ningunha colaboración absolutamente ningunha a que podía ir crescendo vostede a cortou, devolveunos a subvención e non a volveu a solicitar máis e devolveunos a chaves do local e logo andivo dicindo por aí que o concello non daba nin un duro cando vostede tiña unhas chaves dun local das escolas do lago que nos devolveu.

O Colexio, os terreos xa están a disposición da Consellería dende fai moito tempo e iso faise a través de documentos de cesión agora seguen sendo rústicos para facer a ampliación ten que ser urbano e o plan aínda non está aprobado entón si a comunidade educativa quere facer a ampliación neses terreos que son rústicos pois teñen que esperar que se aprobe o plan para facelo e o novo vial vai no plan o novo vial que hai que cambiar máis hacia



arriba todo iso vai no plan cando o plan este en vigor a consellería e o concello obraran en consecuencia para cumprir os nosos compromisos.

Cando eu cheguei a alcaldía no ano 2003 xa había asesor cun contrato menor, eu chego a alcaldía e traio un asesor cultural é que sempre se lle ten que negar aos demais o que ten un, o PP ten un asesor cultural eu o mantiven baixándolle o soldo o contrato menor era 15000€ máis IVA e eu agora o teño por 12000€.

A RPT a fixemos co apoio do sindicato maioritario, aquí hai unha mesa sindical hai un sindicato maioritario votado polos traballadores e fixemos a RPT co apoio do sindicato, vostedes a votaron en contra pois ben a votaron en contra pero vostedes sabían que votaban en contra dunha RPT aprobada e maioritariamente apoiada por todos os representantes sindicais dos traballadores menos un da CIGA que só ten un a CIGA só ten un, son os únicos que se opuxeron a RPT o resto dos representantes sindicais votárona a favor porque imos ter que facer o que vostedes queren nós somos o PSOE e vostedes o PP e o BNG vostedes fan o que lles da a gana e nós tamén, nos decidimos apoiar a RPT e vostedes non e nós decidimos apoiar a RPT apoiada pola maioría dos traballadores e polo sindicato maioritario e vostedes non, incremento corenta e pico mil euros non sei decirlles exactamente en que houbo corenta e pico mil euros de incremento negociados por Alma se subiron corenta e mil euros a masa salarial e está a subida no orzamento de 400000€ só a subida de 400000€ compensa esos 40000€, non é razoable corrixir a masa salarial que levaba sen corrixir anos e anos había desequilibrios había xente coa EGB cobrando máis que licenciados, había xente sen cualificación cobrando máis que licenciados, había xente cobrando máis que Javi deportes que é un técnico de INEF e mil situacións máis, xente que esta ao borde dos mil euros todos os traballadores de la nave tenían un soldo de novecientos e pico pero de que vamos, só este ano subimos 400000€ de ingresos e dicir, destinamos a actualizar salarios un partido de esquerdas un 10% dos ingresos de este ano e dicir, aínda nos queda 360000€ de subida, puidemos facelo mellor, pois non o sei eu creo que non, subimos a que lle tivemos que subir e todos sabemos que houbo unha resistencia dunha serie de traballadores que curiosamente eran os que máis gañaban pois xa está, vostedes o comparten así é a política, nós estamos convencidos de que o fixemos correctamente.

O interventor, que efectivamente todos os anos se fala de esta praza, nós temos un secretario-interventor como tiveron os anteriores alcaldes que houbo aquí porque non tiveron eles interventor, porque todo o teño que facer eu, todo o que iniciaron os anteriores esperase que o faga eu todo, absolutamente todo as estradas as sendas todo o teño que facer eu todo pois aquí non hai praza de



interventor. Cando chegamos había un secretario-interventor e chegamos nunha situación de crise e aínda encima paralizase a oferta de emprego público pois como os demais, que agora as condicións económicas cambiaron que estamos saíndo da crise e xa podemos facer oferta de emprego público vale, pero é unha decisión política é unha decisión política como os anteriores a tomaron entón nós negociamos a RPT a xente que cobraba menos en plena crise económica e con oferta de emprego público conxelada parecíanos unha barbaridade sobrecargar mais esta situación, só co soldo do interventor que son mais de 6000€/ano cubrimos as subidas dos salarios de todos os demais en consecuencia a situación cal é, que nós chegamos aquí había un secretario-interventor e sigue habendo un secretario-interventor cogiamos unha situación de crise económica e para nós ese salario era moi importante mantelo para outras cousas e nese sentido, foi unha decisión que tomamos e vostedes a critican e están no seu dereito, e nós estamos no noso dereito de defendelo. Sería todo máis como para o Secretario si houbera interventor si, claro que si el seguiría gañando o mesmo traballando a metade é así, e que ti crees que el cobra o que cobra porque só é Secretario, el cobra o que cobra porque é secretario-interventor senón non cobraría o que cobra é así ou os secretarios do arredor doutros concellos cobran igual que el, el é secretario-interventor e por ser secretario-interventor ten unha remuneración máis importante agora hai un interventor e non lle podemos baixar o soldo, non lle podemos baixar o soldo, o que se crea que isto é un circo pois que se vaia ao circo porque efectivamente eu non me río das pardadas que escoito dos demais, esta é a realidade temos un funcionario cun soldo efectivamente considerable e que é secretario-interventor, e esa é a realidade e o digo porque non me caen os aneis por dicilo e recoñecelo e foi unha das prazas as que me neguei a subirlle o soldo na RPT e iso xerou un conflito non só co secretario senón con outros tres funcionarios que como non viron que se lles incrementou o soldo levaron a RPT ao contencioso e esa é a realidade, e como a min non me caen os aneis decilo porque o que teño que dicir o digo pois o digo, ademais dixenllo en privado mil veces, esa é a realidade gobernar significa decidir e decidir a veces implica acertar ou non acertar pero outras veces significa facer unha análise contextual e dicir mira non me meto nun marrón con esta crise de 60000€ máis cando xa teño un funcionario que me fai esas dúas funcións, e nese sentido pois esa é a realidade, que pode cambiar, sen dúbida Ares está crescendo de habitantes de momento non chegamos aos 6000 e Ares vai a cambiar a súa realidade e cando Ares siga crescendo pois non vai quedar máis remedio que ter un interventor pero non foi o momento na crise económica e dicir, non foi non 2011, 2012, nin no 2013 porque tiñamos unha situación de crise tiñamos provedores que tiñan que cobrar e houbo unha



situación na que o propio estado suspendeu o emprego público lle dixo aos concellos non poden contratar a ninguén e nese sentido loxicamente o imos a facer.

Non sei si contestei a todo, intenteino xa que vostedes o valoran de maneira moi importante, por suposto non vou a conseguir nada, non me van a dar a razón en nada nin me van a dar tregua nin van a votar os orzamentos a favor nin van a apoiar nunca nada porque todo é non, non, non e non , e agora na miña segunda intervención retorcerán os meus argumentos os retorcerán, dirán o que non digo e o que vostedes interpretan para efectivamente xustificar unha toma de decisión previa, vostedes xa entraron neste pleno co no, diga o que diga se faga o que se faga vamos imposible de cambiar, e como todos os anos é así que nos regalan o pan e a sal nunca votaron a favor de nada de este goberno efectivamente tamén teño a consideración de que nada do que se fixo foi por vostedes porque estiveron en contra de todo, de todo, e como eu sei efectivamente que unha pregunta moi sinxela de que si Ares esta mellor de cando eu entrei a resposta é si, inevitablemente si pois con iso xa teño a conciencia limpa porque Ares está hoxe mellor que como o atopei no 2007, non hai un cidadán de Ares que diga que non salvo vostedes. Entón, como efectivamente estou convencido de que Ares está mellor que no 2007 pois con esa soa razón pois me consolo.

Remata a Sr. Alcalde a súa primeira intervención.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dando a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifesta que a verdade e que si non superamos a realidade das cousas case case convencíame para que lle dera o voto, e increíble a lectura que fai e ademais é increíble a visión que ten vostede da democracia, votarnos en cara que politicamente estemas en contra pero onde se veu temos que estar a favor, si somos outra opción política senón non nos presentaríamos, somos outra opción política o único e que nosa visión non coincide pero respecte que teñamos unha diferenza digo eu.

Vamos a ver, hai unha sentenza na que se van a pagar 125000€ como antes fixo referencia o outro grupo da oposición pero que tamén hai outras sentenzas, que isto hai que pagalo non polo que se debía senón polo que se debía máis os intereses, os intereses ten moito que ver ca xestión que se fai dos casos non, moitas veces se deixa se intenta a ver si cae a sorte e non hai que pagar e ao final veñen os intereses como pasou ca casa da xuventude porque vostede di que fixo a casa da xuventude, o que non dixo e que primeiro vendeu



que nos ía saír gratis e despois houbo que devolver a subvención e a maiores houbo que pagar moito mais, iso hai que dicilo.

Hai tamén unha sentenza que leva tamén torrando non sei si seis ou sete anos referida a unha cousa que nos denunciábamos aquí cando vimos a reclamación que é por un posto de auxiliar de tesourería aí houbo unha denuncia, nós estimamos que nos parecía que a denunciante ou o denunciante tiña razón polo tanto nós dicíamos que había que acordar con el be, vostedes non fixeron absolutamente nada pasou o tempo, pasou o día pasou a romaría volve outra vez o xulgado a dicirles que hai que pagarlle vostedes non dan solucionado o caso iso vaise acumulando e vostedes o que están facendo é acumular mais intereses, ou sexa saben que teñen o caso perdido pero están acumulando máis intereses en vanlle a ter que pagar, vai a pasar dos 30000€ xa lle digo eu entón, todo iso que di ao respecto da xestión tamén ten que ver isto e dicir, o restos que hai ao respecto de contratación económica ao respecto de contratación de persoal deixa moito que desexar por non falar da situación actual, contractual dos traballadores con casos con contratos en fraude de lei e vostedes o saben entón, iso é unha pataca quente que lle deixan ao que veña.

Di que vostede, fala da suba de impostos que sempre o di e rocurrente vostede sempre di que non se presentou dicindo que non ía a subir os impostos, se nos non lle criticamos que suba os impostos, os impostos hai que pagalos porque os servizos teñen que estar pero cal é o problema, que si vostede sube o recibo da auga porque unha parte a ten o concello e outra parte a ten outras administracións, pero si vostede sube o recibo do rodaxe o que ten que facer e dar un servizo para que os camiños están cun plan de vías anual concreto onde se vaian a mellorar os camiños.

O tema da auga, non pode ser que suba o recibo da auga e que a xente non teña o servizo, este verán houbo xente que non tivo servizo vostede o que ten e que axudar nos o entendemos e que o concello ten que axudar coa súa parte ao respecto do que lle toca dos impostos e si ve que vai a ser moito o que suban as outras administracións intentar paliar dalgunha maneira a súa parte para que esa suba non sexa tan grave e aí en onde vostede ten marxe, claro que vostede non ten marxe en impostos que veñen doutras administracións pero ten marxe nos seus propios impostos vostede pode dalgunha maneira equilibrar a balanza.

Estamos co tipo impositivo máis alto da provincia da Coruña ou sexa non me veña co 0,68 ou 0,67 non, o tipo impositivo máis alto da provincia da Coruña de vinte e pico concellos e iso o puxo vostede, iso é o que lle dicía eu vostede ten marxe, vostede decidiu que o tipo impositivo para a xente de Ares sexa o máis



alto da provincia da Coruña e non os outros concellos e seguimos liderando o ranking pero é que ademais temos a presión fiscal máis alta da provincia da Coruña porque si que é certo que estamos de número cinco ou número seis en presión fiscal pero vexamos quen están diante de nós Concello de As Pontes, Mugardos, Arteixo, Cerceda quen son eses concello, son concellos que teñen unha forte capacidade industrial e a presión fiscal de euros/habitantes mídese polos impostos que pagan tanto os veciños/as como polas industrias, polo tanto como en Ares non temos industria son os habitantes de Ares os que máis pagamos, a presión fiscal máis grande da provincia da Coruña e subimos no ranking autonómico e subimos tamén no clase do estado español. Pregúntolle eu, ¿consenso este documento cos representantes sindicais preaprobación non o sabemos.

En canto a débeda viva vostede di, eu deixo en herdanza o que me atopei cando estaba gobernando o PP e ten parte de razón, mira por onde imos chegar a un punto de encontro onde eu lle digo que ten razón pero que a herdanza que deixa vostede de débeda viva ao mesmo nivel que cando estaba o PP cando acabe este mandato, ten moito que ver con que o tipo impositivo e con que a presión fiscal que deixa nos habitantes que non é o mesmo que tiña no 2007, entende vostede a diferenza non, entón os números depende de cómo se vexan.


En canto a compra de propiedades, hai unha cousa que nós sempre lle criticamos e o mesmo secretario nos seus informes lle esta advertindo continuamente, non podemos invertir en propiedades que non sabemos para que van a ser, porque vostede se dedica a comprar e despois decide para o que o van a destinar, por iso implica un gasto de mantemento iso dillo sempre o secretario entón, vostede compra propiedades non sabe a que as vai a destinar como o da policía que hai foron antes os de asuntos sociais e non era o lugar adecuado para asuntos sociais entón despois houbo que meter a policía porque haberá que meter a alguén alí tampouco entendo que este alí ben a policía os servizos sociais estiveron aquí, na Rúa Real agora van a ir a un local ao que vostede pediu subvención para facer un centro sociocultural comunitario e o vai dedicar a servizos sociais privándolle as asociacións da utilización de eses locais, entón vostede está movendo seguido por non dicir na Rúa Zamborela que tamén hai alí servizos sociais quero dicir, a vostede non se lle pode negar e eu vou a ser o primeiro primeiro que o defenda en que vostede fixo unha compra e inverteteu cartos en propiedades iso non o vou a negar pero e que o problema non é ese, o problema non é que eu teña capacidade de mercar ou non, o problema é que si o que merco é necesario ou non é necesario si é prioritario ou non é prioritario, vostede mercou a casa que está ao lado la



Merced en Chanteiro e non sabemos para que e vostede mesmo dixo que podía ser para campamentos de xente que nunca veu o mar agora resulta que pode ser para outra cousa, a Casa Rectoral que o convenio non nos da a propiedade e que lle teñamos que facer agora a unha propiedade da igrexa e ademais deixar reservado para que a igrexa destine parte dos usos, nós non estamos de acordo con ese convenio, si estamos de acordo con rehabilitar a Rectoral é a deferencia que temos pero é que vostede tampouco sabe que vai a facer coa Rectoral porque realmente non ten un plan e vostede fai un plan para unha cidade deportiva que non se usa e aí están os vestiarios abandonados cando no Numancia teñen falta de vestiarios e vostede fai un picadeiro en Chanteiro inverte uns cartos e está completamente abandonado por iso é certo que temos máis propiedades e di vostede o que veña que faga o que queira cas propiedades claro, porque é un marrón o que lle deixa e hai que reformular os locais, hai que reformular.

Di que a Deputación destinaba o PAI a pagar a débeda si, pero non todos os concellos tiñan que pagar débeda de feito hai concellos na comarca que non teñen débeda e concello de Ares ten débeda.

En canto as indemnizacións di vostede que o que fai e manter as indemnizacións do PP, segunda vez que estou de acordo con vostede pero imos a dicir a trampa publicamente, vostede mantén o prezo da indemnización pero sube o número de reunión polo tanto, vostede mantivo o prezo do PP pero vostede está cobrando mais entón era preferible que o subise facendo o mesmo porque realmente vostede non sube o número de reunións porque lle faga falta porque non lle fan falta, vostede fai a xunta para facer caixa e o sabemos todos. Di que nos ofreceu un pacto si, e nós o aceptamos ese pacto porque di que non, nós aceptamos ese pacto que nos propuxeron pero lle puxemos dúas condicións e as condicións non é unha cuestión política é unha cuestión de respecto entre iguais e así llo fixemos saber e así o preseamos por escrito, e esa cuestión de respecto entre iguais tiña que ver con dúas decisións irregulares e ilegais que tomou esta corporación por vostedes unha, a formación de grupos municipais vai en contra da lei e segundo o reparto de comisións informativas que non respecta o porcentaxe e que vostede non se da conta que o BNG subiu un representante con respecto do anterior mandato e vostedes baixaron un representante ao respecto do anterior mandato igual que o PP e sen embargo iso non vai reflectido no reparto de comisións e vostede o sabe e o asume igual que o resto de compañeiros que ten no grupo de goberno saben que é así e todos aquí o sabemos entón nós para empezar a falar, o único que pedimos e respecto entre iguais que a nós se nos trate como se nos ten que tratar e a partir de aí falamos, nós asumimos o que haxa que asumir pero que



nós non lle pedimos que nos suba a oposición vostede non non convidou a falar eu non lle estou pedindo que suba, eu o que lle pedín é que faga unha reflexión e opine se a indemnización do máis importante que é o pleno cobra e sesenta e pico a douscentos e pico que cobra a xunta de goberno si o quere entender pois o entende pero eu non lle estou pedindo que suba estoulle pedindo só si o día de mañá vostedes están na oposición si van a seguir mantendo esta proposta que vostede esta mantendo.

En canto a transparencia que podemos dicir, a transparencia é algo que se ve nós non podemos chamarlle transparencia o que hai aquí no concello de Ares porque non se ve o intuímos, sabemos que é así non temos probas para demostralo entón claro o portal de transparencia o concello de Ares eu si facemos un concurso entre os internautas para que busquen o portal de transparencia na páxina do concello de Ares estoulle por asegurar que igual lle gana o funcionario que leva a páxina que sabe onde está pero aparte del poucos máis, transparencia ningunha non se publica o que se ten que publicar.

Di vostede que as subvencións nominativas son transparentes, a min a verdade e que iso paréceme increíble, mire vostedes pertencen ao partido socialista, nós ao bloque nacionalista galego e temos a sorte a fortuna e a responsabilidade de gobernar na Deputación da Coruña ben, pois a Deputación da Coruña fixo algo que para min é importante e marca un antes e un despois na xestión da Deputación que é o Plan Único xuntar todos os plans, todas as cantidades que lle tiñan que dar aos concellos xuntalos nun único plan de esa maneira os concellos xa saben o que lles vai a tocar xa sabe co que teñen que contar no orzamento do ano que ben e así saben a cantidade, pero esa cantidade non se reparte a dedo esa cantidade vai segundo un IPREM e uns criterios que é precisamente o regulamento de asociacións que temos e que vostede di igual lle dou e non está de acordo co que lle vaia a dar a moitas asociacións lles gustaría que lles desen máis pero é o que hai se vostede marca un reparto equitativo xusto e que sexa mediante uns IPREM non hai nada que mirar e o que hai que é o que pasa na Deputación co Plan Único espero que vostede non lle diga a Valentín que cambie ese plan único que hai agora e que volva ao reparto do PP onde non había uns IPREM e onde o reparto non era matemático espero que non vaia vostede con esta mensaxe de que as subvencións nominativas son máis transparentes. Xa sabía eu que ía a falar de Xábrega como non o vou a saber vostede terá que dicir algo non, eu non devolvín a subvención hai un acta unha xunta onde se decide iso porque non foi unha decisión persoal e foi ademais unha decisión que sei que a vostede lle pesa lle pesa moito porque é a única entidade de Ares que mostrándose en desacordo cun irregular reparto de subvención porque de esta vez a




subvención era polo regulamento decide que esa non é a maneira de facelo e polo tanto hai que facer unha medida de presión e esa decisión foi a que foi e a asumimos como a tiñamos que asumir e si Xábrega lle devolveu as chaves dun local que tiña era porque ese local non reunía as condicións para a actividade era un local onde non podes meter a unha escola que están actualmente utilizando catro aulas e a aula máis grande arriba, e que non se podía e a vostede cando se lle pediu de facer unha obra para reformar iso que o facía a propia asociación e vostede só poñía os cartos vostede dixo que non, entón esa é a realidade e a realidade que hai é que cando eu xa non estaba en Xábrega aquí se presentaron catrocentos e pico sinaturas que pedía que a Xábrega se lle dera un local e eles aínda están esperando de todas maneiras eu sigo sendo socio de Xábrega supoño que iso non lle pesará.

Di vostede que ten os terreos do colexio a disposición da Xunta, ¿o Sr. Secretario me pode certificar que os terreos do colexio están a disposición da xunta? ou sexa ¿a Xunta xa pode facer o edificio alí? Si o pode certificar, porque iso non é así porque o convenio que ten vostede asinado dicía antes de poñer a disposición da Xunta os terreos vostedes tiñan que facer as obras e que iso está súper claro e agora que ten que facer o concello o pode facer incluso con este plan porque non implica facer un cambio de volume nin moito menos non é unha cuestión que teña que ver co plan a obra que lles toca a vostedes a que lle toca a Xunta si, para iso si é necesario que este a aprobación do plan pero a obra que lle toca a vostede non.

En canto o contrato menor de cultura, vostede di que tamén o tiña o PP eu me pregunto e despois dixo “todo o teño que facer” eu está facendo o mesmo que vosoutros e agora se lle pide que faga outra cousa “todo o teño que facer eu” e eu me pregunto pero vostede veu aquí para facer as cousas iguais, porque nós cando facemos un programa será para facer as cousas distintas que entendemos que van a mellorar, pero si vostede está para ser o esclavón perdido do Sr. Manuel Cendán pois realmente non hai cambio. Nós sabemos que a liña é continuista por iso o que era o voceiro do PP o Sr. Luis Cendán sigue sendo membro do seu goberno, nós sabemos aí que hai unha liña continuista pero non o diga.

Vostede dixo que negociou a RPT cos representantes dos traballadores e iso non é certo os traballadores había dous grupos, os funcionarios e os laborais, vostede se refire aos laborais pero no aos funcionarios por iso despois lle saen os contenciosos porque iso non o negociaron ou non chegaron a acordos cos representantes dos funcionarios pero iso está nas actas da RPT e vostede se refire a RPT como unha actualización ou non a suba ou a baixa do que cobran



pero é que unha RPT é unha relación de postos de traballo onde hai que relacionar os postos de traballo e o cometido de cada posto de traballo pero para iso hai que ter unha idea clara de cales son os postos de traballo que require este concello para que o Secretario non lle faga unha crítica ao respecto de que hai certos gabinetes que están con moitos traballadores sen traballo e hai outro que non teñen traballadores e teñen moitísimo traballo ben, pois iso se resolve cunha relación de postos de traballo que foi o que vostedes non entraron, vostedes non entraron aí vostedes o que fixeron é acomodar a xente que meteron pola porta de atrás para que constasen que son necesarios nunha relación de postos de traballo, iso é o que fixeron é ademais falar do tema económico que eu entendo que aos traballadores é o que máis lle importa.

Vostede pódeme dicir porque sendo concelleiros non temos acceso aos gastos da alcaldía, nin aínda que os pidamos quero dicir nós levamos anos solicitando os gastos da alcaldía e agora vostede xa sei o que me vai a contestar “nós sempre publicamos os gastos de alcaldía o que pasa é que hai un problema en non sei que que non se permite agora sacar os gastos da alcaldía”, voulle facer unha proposta non quero que me de os gastos das saídas da alcaldía porque segundo vostede hai unha aplicación que non o permite borrón e conta nova, imos chegar a un acordo, dese a entrada dos gastos da alcaldía, o que vostede presenta aos servizos de tesourería para que lle paguen si vostede non me pode dar a saída dese a entrada a min váleme igual eu xa sei que a saída vai ser igual que a entrada.

Para min foi unha sorpresa de que fale o que cobra o secretario-interventor ou sexa que vostede negue a necesidade dun interventor ao que se lle trae un interventor dixo textualmente logo non vaia a dicir que non o dixo, dixo textualmente “si traio un interventor o secretario vai a cobrar o mesmo facendo a metade de traballo” iso o dixo, entón eu lle digo a cuestión non é o interventor é independente da situación que teña o secretario haberá que mirar en que situación queda o secretario, pero é que o interventor é necesario vostede di que xera un gasto 60000€ pero eu lle aseguro que ese gasto estaría amortizado xa no primeiro ano, ese interventor ía a facer un seguimento do gasto ía facer un seguimento de aqueles recibos que se pasan e non se cobran e que vostede non fai esa reclamación como hai que facer e iso en cero coma dous ía a recuperarse ese gasto de interventor e ademais o secretario ía a estar liberado dunha acción que el mesmo di que non pode facer e que non pode facer porque non ten persoal para afrontar ese traballo.

Vostede segue dicindo que somos os do non que a todo dicimos que non, home non iso non é así iso conto cambiou porque nós fixemos propostas e vostedes



din que non, nós fixemos unha proposta para facer un aparcadoiro en Redes e vostedes dixeron que non, nós fixemos unha proposta para facer o Foro das Artes que era un auditorio con capacidade para Ares e vostedes dixeron que non, nós fixemos unha proposta para que as Escolas do Lago en vez de destinalas a cursos de musicoterapia e de memoria que vai supoñer dez horas a semana se dedicase todo o conxunto para as asociacións e grupos musicais que xeran moita necesidade de infraestruturas e que ademais move moitísimo xente vostedes nos dixeron que non, vostedes nos dixeron que non cando a Reitoral lle dixemos que non que mediante un convenio non que o concello tiña que negociar ca igrexa para quedarse con ela e dixeron que non, dixeron que non a todas e cada unha das propostas que lle fixemos entón, non é que nós sexamos os do non e que vostedes fan as cousas de determinada maneira para que nós digamos que non e iso é en que se basea a súa política e despois outra cousa, ¿vostede utiliza un vehículo de propiedade municipal para os seus viaxes privados? Isto é unha pregunta ¿vostede utiliza patrimonio municipal vehículo municipal para os seus viaxes privados para atender ao seu traballo para viaxar e dirixirse ao seu posto de traballo, para pasear ir a xantar vostede utiliza algún vehículo municipal para iso? Entón isto ven a colo do que vostede cobra que nunca lle dixemos que o Alcalde non tiña que ter dedicación, nós decimos que o Alcalde de Ares ten que ter dedicación exclusiva si é que lle lo permite a súa situación e vostede non teña reparo que non vai a atopar un membro do BNG si di aquí que non pode cobrar menos do que cobra na súa vida civil loxicamente vostede non vai a perder cartos como tampouco ia a perder calquer outro que estivera ahí, non vai a cobrar menos do que cobra traballando exercendo ademáis a responsabilidade de Alcalde polo tanto nós incluso votaríamos a favor de que vostede tivese unha dedicación exclusiva cobrando máis do que cobra no seu posto de traballo pero para iso ten que reformular o resto de dedicacións e o resto de gasto en plenos e en xuntas de goberno entón vostede, e esto parece moi mal que o diga non diga que vive do seu traballo da universidade porque o que cobra aquí vostede, o que cobra aquí vostede máis os gastos que vostede non ten que afrontar porque paga o concello viaxes, gasoil, coche e todo eso dan para alimentar a dúas familias en Ares entón si vostede di que vive do que cobra do seu traballo e porque vostede ten ahí unha bolsa pero podía decir tamén que vive do que cobra no concello porque o que cobra do concello repítolle da para dúas familias entón non diga que vive do seu traballo da universidade eu lle pediría ese favor.

Remata o Sr. Mesías Farías a segunda quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.



Intervén a Sra. Martínez Martínez manifesta que con respecto as pregunta formuladas durante o pleno, vostede respondeu o que quixo evidentemente ten dereito a éllo pero eu voulle a rebater todo o que vostede falou.

Di que veu e só subiu o IBI unha vez, vostede subiu o IBI no ano 2007 pagábase o 0,55 de IBI urbano no 2012 debido ao plan de axuste.

Responde o Sr. Alcalde no 2011.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que non, que non 2012.

Responde o Sr. Alcalde dicindo aprobouse no 2011 pero aplicouse no 2012.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo non, no 2012.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, que ten que aprobarse no ano anterior para aplicarse no seguinte.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que non, que da igual.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si aprobouse no 2011 para aplicarse no 2012.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que no ano 2012 debido ao plan de axuste no que vostede nos meteu non foi o PP, porque parece que aquí o PP lle dixo oiga Julio ten que ir ao plan de axuste non, grazas ao PP vostede puido rescatar Ares porque Ares se afundía e no ano 2012 subiu ao 0,58 e no 2013 subiu ao 0,70 e con respecto aos demais concellos Cedeira ten o 0,48, Fene o 0,64, Sada o 0,50, Pontedeume o 0,55, Narón que é unha cidade o 0,62, Betanzos o 0,46, que pasa que en Ares os pisos son de ouro, que teñen aquí os pisos en Ares para nós teñamos que pagar semellantes impostos.

Con respecto a que nós non lle contestamos, é verdade que nós non lle contestamos, contestei cando tivemos a reunión sobre a subida das indemnizacións e o primeiro que lle dixen foi a nós primeiro nos da o que nos corresponde e o que nos corresponden son as comisións informativas que vostede nos quitou porque non aplicou o que tiña que aplicar, quitounos as comisións informativas e despois vostede quería que aprobáramos esta subida de indemnizacións e di que o PP actuaba igual, está aí o Sr. Cendán para dicilo eu non creo que o PP porque si o fixo moi mal feito fixera sete comisións de goberno nun mes, non o creo.

Con respecto que parece que nós queremos que veña un interventor a narices e o Sr. Secretarios pois non, por lei o decreto 49/2009 do 26 de febreiro por



imperativo legal os concellos de máis de 5001 habitantes teñen que ter un interventor e vostede non está cumprindo ca lei, nós non lle falamos do que cobra o Sr. Secretario, a min non me importa relativamente o que cobra o Sr. Secretario.

Con respecto a RPT o que lle pedimos e que ten que reestruturar os postos de traballo e de esa maneira racionalizar a efectividade.

Por último decirlle que os orzamentos deste ano volven a ser un pouco máis do mesmo, de que vale que vostede presente un anteproxecto que é máis do mesmo dende o ano 2012, que nin NAL, nin Son, nin PSOE, poden explicarle aos aresáns como ano tras ano a pesar de baixar o IBI incrementase a presión fiscal, no anteproxecto de ingresos o 60% dos mesmos corresponde a impostos exactamente tres millóns novecentos trinta e un mil seiscientos setenta euros máis de 680€ o paga cada aresán non cada contribuínte, cada aresán a presión fiscal en Ares é inaguantable, inaguantable e a iso nos levou vostede non o PP, non o PP e según desprendemos do incumprimento do plan de axuste na conta 413 non só non se baixou senon que volveuse a subir. A os acreedores non se lles paga facturas impagadas por falta de orzamento e aos deudores non se lles reclama 10000€ das facturas impagadas do abastecemento de auga do exercicio cerrado do 2017 os dereitos pendentes de cobro a o 31/12/2017 son 578.079,03 céntimos e as obrigas pendentes de pago 377.147,87€ dereitos pendentes de cobro a orzamentos pechados do 2017 1.548.9000€. O secretario do concello considera necesario un ano máis vista a escasa recadación polo lixo que se proceda a aplicar con rigor as taxas e presos público e especialmente ao lixo mediante a oportuna comprobación administrativa, e con isto remato Sr. Alcalde.

Remata a segunda quenda de intervencións a Sra. Martínez Martínez.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que unha vez que se levou a cabo a segunda quenda de intervencións, pecho o debate e procedemos a votar facendo tamén uso da miña segunda quenda.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que no tema das sentenzas tivemos que facer fronte a unha sentenza de CONCIFA se nos condeou a pagar cento e pico mil euros e ningunha factura era do meu goberno ningunha, unha sentenza onde CONCIFA nos condena a pagar todas as obras de gobernos anteriores e rematamos de pagar a CONCIFA o ano pasado e levo gobernando xa 11 anos, o ano pasado tivemos que pagar facturas de gobernos anteriores nin unha factura era deste alcalde obras sen certificar, obras encargadas verbalmente obras que non sabemos si se fixeron ou non diso non fala ninguén, diso non



fala ninguén. SASIAIN que nos gañou unha sentenza que efectivamente no merecía gañar e no uso de esa atribución de que no merecía gañar eu negueime en allear porque foi unha situación que non compartíamos e non queríamos efectivamente máis que utilizar o dereito da vía executiva e intentar opoñernos con todos os nosos medios porque a sentenza era inxusta e un xuíz doulle a razón, ese xuízo o perdimos porque teño que adiantar os cartos a unha entidade baixo a que efectivamente calquera punto de vista parecíame inxusto que se levara eses cartos, inxusto porque o que fixemos nós nesa situación foi máis do que se podía esperar, dimos todas as facilidades do mundo, todas, fixemos todo o posible para que non houbera quebra, fixemos todo o posible para que non se nos puidera reprochar baixo ningún concepto a situación económica desta empresa e despois de toda esa bondade porque efectivamente fíxose con vontade danos por saco cunha denuncia pois non, non e non e perdimos pois perdimos que lle imos a facer pero efectivamente a situación foi porque era inxusto parecíanos que despois do trato e todos os entendementos aos que habíamos chegado para intentar salvar a situación iso foi faltar a mala fe nese sentido chega un momento que cando se falta a mala fe rematouse e que decida un xuíz e efectivamente o xuíz decidiu e todos podelos ir alí, todos podeis ir alí e ver o recuamento da obra, todos podeis ir alí e na subida onde está a curva que da O Penedo todos podeades ver a dereita o carreiro removido e estacado pois o xuíz di que non iniciou a obra, pois a tomar por saco pois non iniciou a obra e están alí os movementos de terra e as estacas e nos pide a devolución dunha licenza dunha obra que iniciou, pois non, que o diga un xuíz eu imaxinei que un xuíz ía dicir o evidente, movemento de terras, estacas e di que non se iniciou a obra e hai que devolver os cartos ben pois a tomar polo saco hai que acatar a sentenza e hai que acatar a sentenza pero a obra iniciouse está alí para velo efectivamente o xuíz non o veu así e que lle imos a facer, pero iso non quere dicir que teñamos que allearnos, arrastrarnos e pagarlles dende o primeiro momento pois non, que non se lle toma o pelo a xente esa é a situación e nós a defendemos con toda a nosa convicción.

En canto a Auxiliar de Tesourería, nós que non estamos nos procesos de selección de persoal que nos quitaron, hai un proceso de selección cun resultado ese proceso de selección non o comparte un dos aspirantes que por certo segue coa súa vida e atopa un traballo noutro sitio e cando hai unha xurisprudencia clara do Tribunal Supremo de que si hai unha frustración aquí e non atopas traballo nunca hai un dano emerxente, núcleo censante e cuantificable si ti non atopas traballo aquí e xa atopas traballo aquí e xa cobras aquí o dano emerxente e o núcleo cesante e distinto porque hai que descontarte o que estas gañando no outro traballo que tes grazas a non ter este



pois non, con outros traballos sendo núcleo cesante e o dano emerxente menor pide o total e imos a decr que si, ou sexa traballa noutro sitio, cobra ese soldo gracias a que non está traballando en Ares e logo pide todos os soldos de Ares non llo vai a dar o xuíz e como nós sabemos que non llo pode dar o xuíz pois non o aceptamos dicimos non, aquí claro que hai que indemnizar pero desconte vostede o que está gañando noutro sitio que o está gañando grazas a non estar aquí porque si estivera aquí non estaría gañando isto eso é o cálculo de núcleo cesante está na xurisprudencia do Tribunal Supremo que lle imos a pagar todos os soldos que non cobrou aquí cando está traballando noutro sitio, non pode ser, por eso efectivamente non estamos de acordo coa cantidade solicitada porque non se corresponde co que é de xustiza.

As contratacións, hai un informe do secretario do Concello de San Saturnino que lles recomendo que o lean en onde se pon como se contrata e todos os procesos de contratación, a dedo sen selección, seleccionando o propio Alcalde os curriculums ou sexa en persoa os curriculums dos candidatos, iso o di o Secretario do Concello de San Saturnino entón igual que déronme a min, como vostede levoume a min a fiscalía e fiscalía o archivou o que vostede dicía o fiscal archivouno entón colla o informe do secretario do concello de San Sadurniño ou pídallo aos seus compañeiros e a ver si resulta que alí contratan igual que aquí.

Os representantes sindicais coo sempre retorcendo os argumentos, o dos funcionarios e o un da CIGA ao que eu me refiro entón, eu dixen que sacamos a RPT co voto de todos os representantes sindicais menos un o da CIGA que é o dos funcionarios porque a única representación que non é a UGT é a dos funcionarios que é a da CIGA ese é o único que non apoiou a RPT entón non mentín, dicía vostede que si os laborais eu falo de traballadores do concello e digo que a RPT sacouse co apoio de todos os representantes sindicais menos un da CIGA que é o dos funcionarios por certo, os que máis gañaban e os que mellor estaban os que máis cobraban e os que mellor estaban e tiñan unha situación máis consolidada querían máis e este Alcalde e o seu grupo de goberno lles dixen que non, que non había máis para eses non hai máis porque se trataba de mellorar aos que estaban nunha situación efectivamente mala e melloramos aos que estaban nunha situación mala que os funcionarios merecen iso é outro tema que iso non é o obxecto do debate a RPT non se fixo para mellorar a todos a RPT fíxose para mellorar aos que estaban peor e reorganizar as función de traballo e en consecuencia só un representante sindical se opuxo.



O edificio do concello vello vai para usos sociocomunitarios, socio creo que é de social tamén usos sociocomunitarios, socio servizos sociais, comunitarios pois loxicamente a comunidade. ¿Por qué levamos servizos sociais para o edificio da Rúa Real onde está a policía? Porque queríamos sacar de aquí o servizo porque coincidían no mesmo ámbito de espera coas persoas que ían a tramitación xeral, non había intimidade non había reservas os usuarios de servizos sociais coincidían na mesma cadeira esperando que os que ían ao rexistro xeral entón para darlle reserva, e certa privacidade a esa situación o levamos para o local da policía se corrixiu si, certa intimidade respecto dos servizos xerais do concello pero ben, tamén púxose nunha rúa principal tamén os ve entrar os ve saír e como ten un uso exclusivo os vían entrar e xa sabían a que con que o final esa reserva e intimidade tampouco conseguíuse, ademais era insuficiente o edificio porque tiña un primeiro e un segundo son despachos pequenos e está a concelleira, educadora familiar, asistente social o psicólogo ao final aquilo fíxose pequeno para conseguir esa privacidade que non se conseguiu aquí ao final metémonos nun edificio moi pequeno e que resultou moi complicado para o desenvolvemento do traballo para o persoal de servizos sociais., agora no concello vello conseguíuse esa rehabilitación e na planta baixa vai o centro de maiores, logo van os servizos sociais e actividades de mulleres e nese sentido pois efectivamente ofrecese unha situación mellor ca que teñen no pescador con esas escaleiras que hai que subir e xa dirán si queren cambiar cambian, e si non queren cambiar non cambian e buscarase outro uso si as entidades de mulleres non queren irse para alí.

En canto a compra da casa de Chanteiro, é un patrimonio efectivamente que se está mercando pola metade é un patrimonio que pode alcanzar un valor patrimonial próximo a medio millón de euros e mercase por dous centos trinta e mil a familia entre que se lle vende ao concello falle prezo ao concello e non teñen unha pretensión de enriquecemento como si llo venderan a un particular é unha boa propiedade, que usos se lle pode dar a esa propiedade, para empezar un aparcadoiro en fronte que non había en Chanteiro, un aparcadoiro importante porque era de esa familia eses oito ferrados de en fronte eran dos propietarios da casa que uso se lle vai a dar pois para campamentos aí claro que vanse a facer campamentos xuvenís que outro uso, a asociación de veciños de Chanteiro ten aí a súa sede que non teñen sede entón, entre a asociación de veciños, os campamentos e o uso que xa se lle atopou co aparcadoiro é usos que viran posteriormente pois creo que efectivamente xustificase esa compra polo demais non é unha casa calquera é unha casa vinculada a fundación do Monasterio de Santa Catalina foi a primeira Rectoral é patrimonio histórico, iso é patrimonio histórico é unha casa que se remonta non ao período de



construción da propia hermida pero si seguramente nunha primeira planta e a última planta posiblemente sexa do século XVII.

O PAI o crea a deputación non só para Ares o crea porque hai unha situación de endebedamento xeneralizado en todos os concellos de España o goberno obriga a tomar medidas a Montoro como Ministerio de Facenda e efectivamente as deputacións tamén reaccionan creando plans específicos para axudar a pagar a débeda e Ares fixo como o resto dos concellos.

Cando estábamos nós na oposición había un pleno cada dous meses, só un pleno cada dous meses nada máis, seis ao ano, agora hai un todos os meses, cando nós estábamos na oposición non había xunta de voceiros para ninguén agora hai unha todos os meses e cada vez que hai un problema e se teñen convocado xuntas de voceiros a instancias e petición da oposición, cando eu estaba na oposición non só non había xunta de voceiros senón que non se convocaban a instancias da oposición e as comisións de goberno se facían a metade da semana e a media mañá para facerme saír da facultade de dereito e ter que volver se poñían as doce, eu ía a clase as nove saía as dez tiña que vir aquí e volver para Santiago, iso si que é jodido.

As condicións para mellorar as indemnizacións, cando nós a petición súa porque nós non sacamos este tema cando a petición das súas queixas de que cobran pouco e que a situación é inxusta que foi a que vivín eu na oposición abrimos o debate, eu non vin aquí un día e dixen a ver subimos as indemnizacións non, foron vostedes os que se queixaron e entón abrimos o debate ofrecemos efectivamente un consenso para mellorar, nese consenso puxéronse condicións previas díxose antes de falar isto faga isto e a nosa contestación foi, facemos todo xunto, si vostedes aproban isto facemos isto pero non, é a táctica de sempre a táctica posibilista e a tactista e dicir, consigo o meu e logo si o outro non sae conseguín o meu di, para empezar a falar vostede ten que facer isto, isto e isto pero de que imos isto e isto vai no lote disto é a contraprestación a isto, si vostedes queren facer a) teñen que facer b) non esixirme a min que eu faga a) e que si logo non sae pois non sae non, e vostede foi o que dixeron, reformamos o das comisións metemos a máis xente coñezamos as proporcións antes e empezar a falar pois non, pois non, porque para falar antes efectivamente teñen que poñerse de acordo e nós condicións previas non, non aceptamos e punto e pelota porque é o noso dereito si queremos falar, falamos de todo que é o que nós propoñemos non non que va, antes de falar por certo do que ti me pides, porque aínda si fora eu, oe quero falar disto para falar disto dáme isto vale, pero eu non o pido, piden vostedes falar disto e cando eu lles digo falemos dinme hai non, non falemos disto si



antes non nos das isto e isto pero isto son tomaduras de pelo que teño cincuenta e dous anos de que estamos falando, piden vostedes falar deste tema o falamos con condicións previas efectivamente a situación é a que é, é imposible entenderse con vostedes nin dicíndolles que si ao que pediron, porque ao que pediron se lles dixo que si sempre e cando fora unido a isto non, non, para falar primeiro do que a vostedes lles interesa porque foron as súas queixas en petición as súas queixas, primeiro se queixan e cando digo imos a corrixilo poñen condicións previas para empezar a falar do que vostedes se queixan pero isto é de 28 de decembro permanente, os santos inocentes o día da marmota perpetua pois non.

O Plan Único, tirar da lingua é jodido é moi jodido 100000€ menos recibe Ares co plan único 100000€ menos recibimos co plan único 100000€ dixéronme que nolo ían a dar por iso vale, dixéronme que os ían a dar porque eu ao que non estou disposto é a recibir un euro menos nunca recibín un euro menos e menos nun goberno que participa o meu partido 100000€ menos sume vostede a cantidade que ven no plan único e compare co do ano pasado, 10000€ menos creo que vostedes protestaron na deputación o compromiso é que nolo van a dar senón eu estaría tamén alí protestando ou sexa que efectivamente contos chinos os xustos e comulgar con rodas de muíño eu non comulgo nin con as do meu partido en consecuencia está que eses 100000€ aparecen.

Eu non sei como se pode abrir unha vía municipal nun terreo rústico va no plan rúa que sae arriba do colexio, como vas a abrir a rúa eu é que alucino ou sexa a xunta non pode facer o colexio pero o concello pode abrir unha rúa, aquilo é rústico a rúa non está pintada en ningún plano e eu podo abrir unha rúa cas normas subsidiarias nun terreo que é rústico e no que non hai rúa, eu alucino de verdade ca súa interpretación da lei abrir a rúa esixe a aprobación do plan igual que a construción do colexio rúa que pretendemos abrir vai no plan fora da plan non existe, como imos abrir unha rúa en rústico.

Os orzamento é continuista, pois vou a dicir a verdade de corazón o orzamento o baixan de tesourería o poñen diante e dinme tes este marxe e eu decido en que se gasta este marxe e o marxe dámo o secretario-interventor e non hai outra maneira de facelo porque son matemáticas e as matemáticas non enganan hai o que hai e o marxe é o que é , isto para soldos isto para obrigacións isto para tal e te queda isto punto pelota e eu con isto digo pois esta rúa, e esta compra esa é a realidade do orzamento aquí e na China

En canto o que cobra a Alcaldía o sabe o Ministerio de Facenda, porque todos os anos, todos os anos se lle comunica ao Ministerio o que cobra a Alcaldía e o



Ministerio o publica entre dezanove mil euros e vintetres mil euros e sae publicado na Voz de Galicia, e isto una táboa por abaixo de cinco filas isto una segunda por abaixo gana máis o Alcalde de San Sadurniño que o de aquí cando el ten mil e pico habitantes e eu seis mil e consecuencia, os gastos da Alcaldía o sabe o Ministerio de Facenda e publícanse na Voz de Galicia. Despois, as comisións, os plenos e os meus desprazamentos comunícanse a oposición en todos os plenos onde pon Julio Ignacio Iglesias Redondo, xunta de voceiros unha ou dous, plenos un ou dous, comisións seis ou sete porque son sete pero non todos os meses convócanse as sete a veces menos pero imaxinemos que un mes convócanse as sete pois as sete, comisións de servizos que son os meus desprazamentos doce, trece, catorce eu polo xeral dous ou tres veces a semana teño que ir a deputación, a xunta ou a calquera outro negociado entón, todos os meses iso vai a pleno co meu nome Julio Ignacio Iglesias Redondo dous plenos, sesenta e sete por dous, dous xunta de voceiros sesenta e sete por dous seis comisións informativas corente e pico por sete, doce comisións de servizos por corenta e cinco e aí vai, téñollo que sumarllo eu vai a todos os plenos a cada cousa que vou e cada cousa que vou sábese a cantidade porque ven aquí nas bases de execución o que se cobra por cada cousa, as saídas do Alcalde do concello son corenta e cinco euros e pon comisión de servizo doce, trece e catorce as que sexan e logo iso o publica o Ministerio dezanove, vinte, vinte e un, vinte e dous, vinte e tres mil euros, menos que o Alcalde de San Sadurniño do BNG con mil cen habitantes iso é o que eu cobro en concepto de dietas e indemnizacións vinte e tres mil euros ao ano. O Alcalde anterior do PP só no soldo eran corenta e tres mil en dignidade son tan Alcalde como el pero eu custaba a metade porque, porque eses corenta e tres mil que cobraba el hai que sumarlle as cotizacións a seguridade social e os gastos que ten calquera contrato, si si é así e dicir isto é o soldo bruto logo veñen as cotizacións iso tamén o pagaba o concello, salgo pola metade igual en dignidade teño a mesma que el porque Alcalde somos os dous igual os dous somos alcaldes as vinte e catro horas do día os dous temos que atender este chiringuito e digo chiringuito todo o que é o ámbito organizativo e administrativo ademais de atender aos veciños e ir a mirar as obras os dous Alcaldes as vinte e catro horas do día, eu vinte e tres mil euros ao ano, el só en soldo corenta e tres máis todas as cotizacións e demais esa é a realidade por certo, menos que o Alcalde de San Sadurniño.

En canto o coche, eu utilizo un coche da Alcaldía durante tres anos cando andaba no meu mercedes vostedes non dicían nada, cando andaba polas obras, cando facía as visitas, cando facía os viaxes co meu coche propio pagándome as rodas, pagando todo vostedes non dicían nada, cando poñía un ben privado



meu desgastándose que ten setecentos oito mil quilómetros, porque teño un coche con setecentos oito mil quilómetros iso é o que marca a agulla cando cheguei aos setecentos mil quilómetros e tiven que cambiar a correa de distribución dixen aquí rematouse tres mil seiscentos euros nun taller por ter o meu coche privado ao servizo do concello eu saín Alcalde meu coche non saíu elixido coche do alcalde, setecentos oito mil quilómetros meu coche privado todo o mundo víame co meu coche privado e ir as obras aí non diciades nada, pero cando me cansei porque o coche se me ía ao carallo porque xa tiña setecentos oito mil quilómetros e no taller avisáronme que era un coche moi vello pois decidín coller un do concello e fago co coche do concello o que facía co meu ando polo pobo e vou a onde teño que ir. Cando teño un viaxe privado collo o meu mercedes, cando teño un viaxe público collo o coche do concello e si ademais teño que facer cousas para min pois tamén as fago, si eu teño que ir a deputación pois vou no coche do concello e si teño que parar nun estanco e mercar tabaco pois paro e merco tabaco e si teño que mercar un pantalón pois merco un pantalón, vou A Coruña a Deputación co coche do concello cumpro co meu traballo de función pública e logo si teño que facer cousas privadas as fago porque é onde estou e é o coche que teño, si teño que ir a Santiago a unha reunión vou e si pola tarde teño que dar clase a dou porque xa tiven que ir a Santiago a reunión, si teño que ir a Santiago a dar clase só vou no meu coche, cando é algo para min só vou no meu mercedes e cando é algo do que son Alcalde vou no coche do concello e tamén fago a miña vida privada, si eu vou a Deputación vou no coche do concello e si quedo a comer cos meus amigos quedo a comer cos meus amigos, pero primeiro fun a Deputación e vostede é un miserable por sacar sempre este tema, é un autentico miserable pero como sei que o desfrutas, porque desfrutas este tema o desfrutas como os miserables que desfrutan das miserias, todo o que eu fago ven a este pleno, as comisións as que asisto, as xuntas de voceiros, as comisións, as xuntas de goberno as mesas de contratación e os meus viaxes que pon doce, trece ou catorce vostede ten os concepto por cada cosa do que cobro multiplica e lle da e si non espera a que o Ministerio de Facenda publique o que ingreso que logo a Voz de Galicia o publica xa lle digo cinco barras estou de segundo no medio, son o máis barato de toda a provincia da Coruña e o di a Voz de Galicia na penúltima táboa polo medio e moitos Alcaldes do BNG todos por enriba de min, todos os Alcaldes do BNG por enriba de min todos, e aínda encima a metade do que custou o anterior Alcalde pero vostede desfruta e eu como sei que desfruta pois loxicamente lle permito que desfrute dando todas as explicacións que vostede pide.

Remata o Sr. Alcalde a segunda quenda de intervencións.



Non habendo máis puntos aos que referirme, sometemos o punto a votación.

Sometida a votación o Orzamento 2019. o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES), 6 en contra (3PP, 3 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.